

Cada vez que hai unha reforma no porto da Coruña, a praia rebélase contra ela deixando escapa-la súa area

Rexenerar Santa Cristina

A praia de Perillo está volvendo a quedarse sen area, especialmente pola zona de Casa Sara. É precisa unha reforma definitiva, pois a realizada hai algúns anos non durou moito. Así llo fixo saber o Concello ó Delegado de Costas, que dixo compartir esa preocupación e estar tomando medidas para arranxa-lo problema. Ademais de estar exposta á porquería que xenera a actividade portuaria, as obras de expansión dos peiraos inciden nas correntes mariñas e éstas moven as areas amenazando á praia.



Concello de  Oleiros

As obras que nos deben

As principais obras que as administracións provincial, autonómica e estatal teñen pendentes en Oleiros.
Páxina 23

Vivir en Oleiros

Número 10
Abril de 2001

Novos pulos ó emprego

Nace o Obradoiro de Emprego Parque de Liáns, prográmanse novos cursos e o Concello acode cun stand á feira "Galiemprego"
Páxinas 14 e 15



Entrevista con Esther Pita

A alcaldesa fai un repaso da peculiar situación política que vive o Concello. Móstrase decepcionada co voceiro Socialista e dí que no Pleno dos Presupostos todo se fixo conforme á Lei. Opina que o único fin da oposición é bloquear o traballo do goberno municipal e atacar á figura de Gelo, o presidente da Alternativa.

O presuposto municipal do 2001, paso a paso

Todo o que precisas coñecer para entender a actual situación municipal, con intervención xudicial e todo.
Páxinas 14 a 19.

A nova Conta Única Solidaria

Unha conta corrente para que realices a túa colaboración co proxecto humanitario que desexes. Só tes que ingresar nunha conta e o Concello faino chegar a quen desexes.
Páxina 24


O Faro de Mera será un pequeno museo natural

Última páxina

As obras en marcha

Páxina 9

A prestixiosa coreógrafa Carmen Roche ten enorme ilusión na nova Escola que dirixe



Danzade, benditos

■ A nova Escola Municipal de Danza de Oleiros votou a andar da man da prestixiosa mestra e coreógrafa Carmen Roche, unha das primeiras figuras españolas da danza clásica e contemporánea. A sede está no Centro Cultural A Fábrica e trátase da primeira iniciativa deste tipo en Galicia. En poucos anos, os que hoxe son nenos que comezan, faránnos gozar coa danza como fan estes dous profesores que participaron na gala de inauguración.
Ademais, pode comezar a falarse do futuro Ballet de Oleiros.

Como saber
donde está **todo**
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

Dexo	1.329
Dorneda	3.272
Iñás	1.103
Liáns	7.081
Maianca+Serantes	2.261
Nós	3.808
Perillo	6.380
Oleiros	2.362
Total	27.596

Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
 Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

• Concello de Oleiros	981 610 000
Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde S. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades

Casa da Xuventude	981 636 598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Velloso Arenaza	981 6312 40
Castelo de Santa Cruz	981 6306 18

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 626 638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Infantil O Vilar / Nós	981 664 257
Escola Infantil Vilanova / Nós	981 651 417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 639 160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 631 788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
Colexio Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeada / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz (inclúe C. Doc. da Muller Rosalía de Castro)	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nós	981 664 257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Federico García Lorca / Montrove	981 638 869

Servicios Varios

— Veterinarios
 Santa Cruz 626310
 Gayacán 660335 /Vilanova
 Salud Animal 631651 /Dos Regos

— Maquinaria de construción
 J.Barreiro 635474 /Oleiros

— Reparación coches e bicis
 J. Galán 610710 /Oleiros

— Fontanerías
 A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
 A.Guillín 631567 /Oleiros
 J.Arca 617591 /Maianca
 J.A.Barros 626689 /Dorneda
 J.Costa 635735 /Sta.Cristina
 A.Dominguez661108 /Nós
 S.Fernández 638214 /Perillo
 Fonelec 662744-908587710 /Nós

C.Suarez 638400 /Perillo
 J.García 610339 /Oleiros
 S.García 611039 /O Carballo
 F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz
 M.C.López 637010 /Sta.Cruz
 A.Martínez 611317 /Oleiros
 R.Mesias 660684 /Nós
 J.Novo 908084450 /Oleiros
 J.Pardo 631127 /Dorneda
 R.Pol 635325 /Perillo

— Instalacións eléctricas
 E.F.Otro 908584277 /Mera
 R.Pol 635325 /Perillo
 J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
 A.Vian 637254-908584691 /Perillo

— Albanelería
 J.M.Alvarez 617788 /Serantes
 A.Arevalo 617243 /Dexo
 J.Bao 635617 /Perillo
 A.Barreiro 617887 /Maianca
 F.Beltran 628373 /Lorbe

J.M.Bias 635811 /Perillo
 J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
 J.Cal 662449 /Oleiros
 M.C.Carballo 631578 /Nos
 Gomaño 666387 /Oleiros
 O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
 J.M.Fernández 614990 /Arillo
 F.Fernández 636078 /Perillo
 E.Fernández 636572 /Perillo
 J.Fernández 614919 /Dorneda
 J.Fernández 617720 /Dorneda
 L.Gacio 636587 /Perillo
 A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nós
 M.Illanes 614356 /Dorneda
 D.Lamas 631356 /Oleiros
 A.Lastres 908586296 /Dorneda
 A.López 617411 /Mera
 J.D.López 626082 /Santa Cruz
 F.Mañana 615298 /Arillo
 J.L.Martínez 636034 /Perillo
 A.Mato 667682 /Nós
 J.Mirón 618119 /Mera
 V.Naya 617096 /Mera
 M.Novo 610830 /O Carballo
 A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo
 J.L.Prego 626147 /Dorneda
 J.A.Prieto 610181 /Oleiros
 F.Recarey 617503 /Oleiros
 J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
 J.R.Sánchez 664599 /Nós
 F.Sánchez 610779 /Iñás
 L.Siso 617461 /Mera
 M.Siso 617467 /Mera
 R.Suarez 615239 /Dorneda
 A.Sueiro 614849 /Dorneda
 A.Uzal 908581521 /Rialta
 M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
 M.Vidal 631015 /O Valiño
 M.Vieito 610060 /Oleiros

— ATS-Fisioterapeutas
 M.Miranda 638633 /Perillo
 J.L.Sanchez 638234 /Perillo

— Notarios
 R.Benzo 611506 /Oleiros

Un concello vivo



101.5 FM

Informativos diarios ás 14 e ás 21 horas
 Axenda de ocio ás 13,30h
 e repaso á actualidade do mundo ás 13 horas.

O resto do día, música sen complexos

24 horas de música e noticias

Cóntanos o que queiras no 981 631 078

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	8 abr / 7maio / 6xuño
Mingua	15abr / 15maio / 14xuño
Nova	23abr / 23maio / 21xuño
Medra	30abr / 29maio / 28xuño

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 30 de marzo ó 6 de abril, do 4 ó 11 de maio e do 8 ó 15 de xuño. A este turno pertencen:

Oleiros [Camilo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

TURNO 2 Están de Guardia do 6 ó 13 de abril, do 11 ó 18 de maio e do 15 ó 22 de xuño. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cecebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 13 ó 20 de abril, do 18 ó 25 de maio e do 22 ó 29 de xuño. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**
TURNO 4 Están de Guardia do 20 ó 27 de abril, do 25 de maio ó 1 de xuño e do 29 de xuño ó 7 de xullo. A este turno pertencen:

Nós • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Guardia do 27 de abril ó 4 de maio e do 1 ó 8 de xuño. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**
Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

As mareas

Horas de domingos

Preamares abril

Día 1	08,25 e 21,02
Día 8	03,16 e 15,34
Día 15	07,40 e 20,18
Día 22	02,22 e 14,43
Día 29	06,53 e 19,17

Baixamares abril

Día 1	02,02 e 14,29
Día 8	09,25 e 21,34
Día 15	01,22 e 13,39
Día 22	08,27 e 20,40
Día 29	00,40 e 12,54

Preamares maio

Día 6	02,14 e 14,34
Día 13	06,16 e 18,39
Día 20	01,10 e 13,40
Día 27	05,47 e 18,07

Baixamares maio

Día 6	08,25 e 20,37
Día 13	00,08 e 12,16
Día 20	07,21 e 19,38
Día 27	11,46

Preamares xuño

Día 3	01,03 e 13,29
Día 10	05,22 e 17,42
Día 17	12,22
Día 24	04,52 e 17,11

Baixamares xuño

Día 3	07,18 e 19,35
Día 10	11,19 e 23,50
Día 17	05,58 e 18,22
Día 24	10,49 e 23,26

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalalo.

Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane



Tranquilidade

A paz lograda pola Alternativa dos Veciños tras as crispadas eleccións municipais, que posibilitou un ano de sosego e de realización no Concello, levou ós grupos da oposición a unha situación de nerviosismo colectivo e á creación dun clima de confrontación e fronte común contra a Alternativa dos Veciños.

O tema, según eles, era que “si nos deixaban facer, facíamolos desaparecer”. Cunha violencia verbal fora de lugar e unha persecución persoal e

acoso institucional, o fronte PP-PSOE ten a intención, desde a oposición maioritaria, de impedir toda acción de goberno, vilipendiando ás xentes da Alternativa dos Veciños a través de todo tipo de embustes e artimañas e pretendendo utilizar outras institucións do Estado para acadalos seus fins e frena-lo ímpetu e o traballo honesto das mulleres e homes da Alternativa dos Veciños.

Está demostrado que nada lles importan os problemas

dos cidadáns de Oleiros, non nos queren deixar gobernar, pero tampouco se poñen de acordo para substituírnos. Están convencidos de que non é nada fácil gobernar en coalición ou en minoría.

Ante esta situación, somos conscentes de que moitos veciños están preocupados pola imaxe de desgobierno e caos que a oposición PP-PSOE pretende dar do Concello. Dende a Alternativa dos Veciños queremos mandarvos unha mensaxe de tranquilida-

de: somos bons encaixadores e estamos acostumbrados ós golpes baixos. Nada nen ninguén vai facernos cambia-la nosa liña de traballo e dedicación ó pobo de Oleiros.

A pinza que pretenden usar PP-PSOE para acabar coa Alternativa dos Veciños só lles servirá para colga-los seus trapos suxos. O tempo será testigo.

Alternativa dos Veciños ten 9 concelleiros.

Grupo Municipal del Partido Popular



Una Alternativa incompetente para gobernar

A menos de dos años desde las últimas elecciones municipales, el gobierno de Alternativa dos Veciños ha demostrado su incompetencia para asumir los problemas de Oleiros. Ni el abuso de poder, ni la manipulación de la radio o del periódico municipales han servido para esconder los vicios de la gestión de la Alcaldía, encabezada por Esther Pita.

A pesar de las constantes llamadas al consenso realizadas desde el Partido Popular para elaborar los Presupuestos del 2001,

el gobierno local se han aventurado en una misión imposible que acabó en manos de la Justicia.

Las artimañas diseñadas por Alternativa dos Veciños para sacar adelante los presupuestos al margen de las decisiones del Pleno no han servido más que para enturbiar las ya removidas aguas de la política en Oleiros.

El Partido Popular ha mostrado desde hace 6 meses su voluntad de contribuir al buen entendimiento de Gobierno y Oposición, siempre que se hiciera con planteamientos democráticos y sin recurrir a las reglas del juego sucio.


La paralización del Ayuntamiento de Oleiros está motivada por las actitudes de un Equipo de Gobierno que no ha sabido asumir el papel que pusieron en sus manos los vecinos.

La Justicia ha tenido que suspender un Pleno que debatiría una moción de confianza —perdida de antemano— cuyo objetivo era el de aprobar la potestad de distribuir el dinero público al antojo de Alternativa dos Veciños.

La peculiar forma de entender la política del equipo de Ángel García Seoane ya nos tiene acostumbrados a bochornosos episodios, aunque es probable que el más interesante esté por llegar. Los últimos acontecimientos en el Ayuntamiento de Oleiros constituyen faltas graves de Esther Pita hacia los derechos de los concejales de la oposición, en definitiva, contra la soberanía del pueblo representada en el Pleno.

O PP ten 8 concelleiros.

Partido Socialista Obrero Español / Luis Vázquez



Un nuevo Pleno de aprobación de presupuestos

Desde el pasado uno de enero el Ayuntamiento de Oleiros funciona con presupuesto prorrogado. Tras un largo retraso del Gobierno en la presentación del presupuesto, un Pleno en el que no se respetaron las más elementales normas democráticas nos ha obligado a decir «basta ya» al Gobierno Municipal.

No nos han permitido ni leer, ni defender ni votar las enmiendas presentadas por los socialistas. ¿Qué clase de concejales seríamos si permitimos tal atropello?

Los socialistas consideramos que en Oleiros hay proyectos muy necesarios que es urgente acometer: aceras, pavimentación de caminos, carreteras de circunvalación, paseos marítimos, ... así como mejorar cada día la oferta de servicios, socio-cultural y educativa. Por ello consideramos urgente la celebración de un nuevo Pleno para aprobar los presupuestos. El tiempo y los jueces nos dará la razón, se celebrará ese Pleno y todos lamentaremos el tiempo perdido.

En ese nuevo Pleno los socialistas mantenemos el compromiso de no suprimir ninguna de las obras presentadas por los demás grupos municipales; tan solo exigimos que se discutan nuestras propuestas para mejorar el presupuesto, que se voten y que se incorporen aquellas que obtengan la mayoría.

¿Puede alguien negarnos este derecho? Pues sí, lo hubo; pretendemos que no vuelva a ocurrir y para eso hemos puesto el asunto en manos de los tribunales.

Oleiros no puede permitirse un gobierno excluyente convencido de que vecinos y concejales les debemos cuanto bienestar disfrutamos. Los socialistas consideramos que el bienestar de los oleirenses lo pagamos los oleirenses, incluido el del gobierno. Desde hoy mismo exigimos un nuevo proyecto de colaboración, de diálogo, de respeto a todas las personas, a sus ideas y a sus creencias; un nuevo marco en el que todos escuchemos las razones de los demás. **O PSdeG ten 3 concelleiros.**

Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro

Sentidiño



A permanente confrontación política que vivimos en Oleiros, fai que se fale máis de persoas que de ideas, de descalificacións persoais que de proxectos, o que provoca a sustracción do verdadeiro debate político no concello. Cando o BNG consensou coa Alternativa dos Veciños o documento orzamentario do 2001 buscou tamén a creación dun espacio político progresista que non representa en ningún caso o Partido Popular, nin en Oleiros nin en Galiza nin no Estado Español. Evidentemente, o PSOE está desubicado politicamente, apoiando posturas da dereita en Oleiros que só contribúen a poñer en perigo a estabilidade do concello a costa dos intereses dos veciños, priorizando só posturas partidistas difíciles de entender.

O BNG terá sempre o compromiso de responsabilidade cos veciños para impedir que o Partido Popular chegue a gobernar en Oleiros, fuxindo da permanente polémica que só alimenta unha imaxe negativa da realidade do concello. **O BNG ten 1 concelleiro.**



Esther: “Ogallá o PSOE fose máis franco e honrado”

A alcaldesa Esther Pita repasa nesta entrevista algúns asuntos que conflúen na peculiar situación política que vive o Concello.

• **¿Cal é o seu entender a razón da actual situación política do Concello de Oleiros?**

Ahora mesmo existe un acordo entre o Partido Socialista e o Partido Popular que está enchendo de agresividade a política municipal, ademais de provocando un acoso sen precedentes ó Goberno da Alternativa dos Veciños, que debemos lembrar que é o grupo máis votado polos cidadáns.

Queren paralizar o Concello e socava-la nosa imaxe de bons xestores. E para iso fóron a un Tribunal para que aclarase un procedemento de convocatoria e celebración do Pleno dos Presupostos, cando se actuou conforme a dereito.

• **¿Por qué se produciron tantos problemas arredor do Pleno dos Presupostos?**

O que menos lles interesaba era que se aprobaran os presupostos do Goberno. A única táctica que teñen é a de impedirnos gobernar.

• **¿Qué medidas eran esas que querían incluír no Presuposto?**

Eran de varios tipos: unhas relativas a obras da Xunta que querían que fixera o Concello; outras consistían en levar servizos ó medio do monte, para que a medio prazo poidan ser convertidas en solo urbano, menosprezando a filosofía do Plan Xeral.

Outras pretendían organizar múltiples Comisións Informativas para bloquear ó Goberno Municipal, e incluso pasar ó Pleno competencias que a Lei lle otorga ós alcaldes, o que burocratizaría moitísimo a sana vida administrativa que ten o Concello.

• **¿Por qué cree que as críticas da oposición prestan tanta atención á figura de Ángel García Seoane?**

Gelo é o presidente da Alternativa dos Veciños, ademais do asesor da Alcaldía. Nós xogamos sen tapuxos durante a cam-

paña electoral e xa dixemos que él iba ser quen dirixise a política da Alternativa, que como sabes só se presenta ás eleccións municipais.

Que PSOE e PP queren acabar con Gelo é xa un asunto moi vello, e non nos colle de sorpresa. Máis ben todo o contrario: contábase con iso, porque no fondo envexan os valores políticos do noso presidente e ven que mentres él lidere a Alternativa dos Veciños, ésta seguirá viva.

Pero saben moi ben que a Alternativa non é solo Gelo: somos moitos homes e mulleres que loitamos cada día, e desde hai moitísimos anos por este Oleiros diferente.

• **¿Por qué sí diron froito as negociacións co BNG, que hai poucos meses se posicionaba contra o goberno municipal?**

Precisamente o acordo co BNG sobre os presupostos proba que a nosa postura é aberta a todos. Pero o talante con que acudiu o Bloque non foi o mesmo que o mostrado polo PSOE ou o PP, que nen sequer contestaron ás cartas que lles enviamos para negocia-los orzamentos e dedicaron tódolos esforzos a insultarnos e crispas a situación política a través da prensa.

Quero desde aquí agradecer a mostra de sensatez do BNG, que sen abandonar a súa tradicional postura crítica, sabe tamén asumir a responsabilidade que debería agardarse de tódolos concelleiros de Oleiros.

• **¿Cal pode ser a saída a esta situación?**

Saídas hai varias, pero todas dependen da responsabilidade política do PSOE, porque é, digámolo así, a “bisagra”.

Unha é que governe a dereita co apoio socialista, algo que poden facer en calquera momento presentando unha moción de censura e iniciando unha nova etapa municipal.

Outra posibilidade é que negocien os presupostos coa Alternativa con franqueza e sinceri-

Un concello vivo



■ *“Saben que Gelo é o noso presidente, que conta co noso apoio e eso non o poden soportar”*

dade, sen chantaxes nen ases escondidos baixo a manga.

Outra é que permitan vota-la cuestión de confianza á alcaldía... en fin, existen moitas posibilidades, aínda que neste momento haxa que agardar á decisión xudicial e vivamos un compás de espera, cos presupostos prorrogados.

• **Fixo antes referencia a un acordo entre o PSOE e o PP ¿Como cree que perciben os cidadáns ese entendemento?**

O PP ansía o poder de Oleiros, que non o Goberno, para os fins que pretenden, que son os seus: canto máis poder mellor para especular, especular e especular.

Eu aínda me lembro de antes da eleccións, que Rosende xa só lle faltaba firmar como Alcalde, creando un estado de opinión

■ *“Quero agradecer a sensatez do BNG, que sabe manter unha actitude crítica, pero exerce a responsabilidade de negocia-los presupostos”*

arrollador cara á súa candidatura. Pero os votos puxeron a cada un no seu sitio, e agora intentan tomar o poder por outras vías, traicionando a vontade maioritaria dos veciños.

O caso do PSOE é diferente. Creo que os cidadáns que se consideran progresistas non deben entender moi ben a súa actitude como partido de esquerdas. Agora vai da man do PP sabendo que nun posible goberno conxunto nunca poderían chegar a impoñer os seus criterios.

Nós, despois das eleccións, invitámoslos a formar parte do Goberno, pero foi imposible chegar a acordos, debido á ambición desmedida do señor Luis Vázquez e á obstinación de querer acabar con Gelo.

O monte, sen motores

Os espacios naturais da costa norte e o futuro Parque Metropolitano, son ás veces vítimas do atrevemento dalgúns desaprensivos que van alí fastidiar coas súas motos ou os seus 4x4.

■ *Se ves motos ou 4x4 en zonas verdes ou protexidas, por favor, chama á Policía Local ou á Garda Civil*

Fotografía cedida por EL IDEAL GALLEGO (Andy Pérez)



Antigo lavadeiro de Montrove

Olo con lavar o coche nas fontes!

Coa chegada do bó tempo (como o que veu a fins de febreiro), algúns veciños adoitan achegarse a certos espacios públicos nos que existe algunha corrente de auga (fontes ou lavadeiros), para lavar alí os seus automóbiles, causando de paso un perxuizo medioambiental.

Estes desconsiderados cidadáns atentan contra o medio polo simple feito de aforrarse unhas pesetas que custa lava-lo coche nun lavadeiro apropiado, dos tantos ubicados nas áreas de servizo das estradas.

Ademais, algunhas personas aproveitan para cambia-lo aceite usado dos vehículos, deixando todo manchado da graxa sobrance, operación que só está permitido

realizar nos talleres autorizados para eso, e que dispoñen dun servizo específico de recollida de residuos tóxicos.

O Concello chama á responsabilidade dos veciños, e advirte que a policía local abrirá expediente sancionador contra aquelas persoas que deturpen o medio con estas prácticas. As sancións por contravir estas ordenanzas municipais poden chegar a 50.000 pts.

Un plan de restauración leva xa arranxadas unhas 12 fontes e lavadeiros tradicionais, renovadas para engaiolar os entornos nos que se ubican, testemuñas dunha memoria histórica pasada, na que cumprían un papel fundamental no desenvolvemento da vida social.

De seguro hai lugares de sobra donde os amantes do motor poidan exercer-la súa afección.

O que non se pode consentir é que o ruído e a agresión ó chan que exercen os 4x4 e as motos de trial poida perxudicar ós espacios naturais e ós cidadáns que pasean tranquilamente por estes lugares privilexiados.

Moitos veciños que frecuentan ou viven nas proximidades da costa norte, entre Serantes e Dexo, e o futuro Parque Metropolitano de Liáns, detrás de Bastiagueiro, denuncian con frecuencia que estes lugares protexidos e nos que está prohibida a utilización de vehículos de motor, son invadidos por motorizados automóbi-

les que chegan para cargarse a serenidade e a fisonomía da zona.

Os insensatos, ademais, invaden propiedades privadas, desfán valados, deterioran corredoiras tradicionais e causan un dano tremendo a arbustos ou pequenas árbores que arrancan sen conciencia.

Prégase a tódolos veciños que presencien unha agresión deste tipo, chamen inmediatamente á Policía Local (981610001), para que todos poidamos disfrutar tranquilamente destes lugares que a natureza puxo á nosa disposición e que temos o deber de mimar.

As sancións poden acadar o millón de pesetas.

Inef: que os deportistas aparquen dentro


Os parkings de que dispón o Instituto Nacional de Educación Física dentro do seu recinto deberían ser utilizados polos usuarios das instalacións, aínda que estes non sexan estudantes do centro de Bastiagueiro.

O Instituto ten certos acordos de uso dos pabillóns polideportivos, piscinas, e pistas de atletismo con federacións e clubs. Os seus membros acoden a a facer deporte en automóbiles que, en vez de aparcalos en calquera das dúas áreas de aparcamento que existen dentro do recinto, déixanos enriba de acera e carril-bici, ó longo da avda. Che Guevara.

Eses dous aparcamentos están na entrada máis próxima á praia de Bastiagueiro, e na porta próxima ó restaurante Casa Paquita. Entre os dous superan a capacidade de 300 vehículos.

O Concello advirte ós usuarios que a actividade deportiva debe compatibilizarse co respecto a outros deportistas que andan nas súas bicis, ou correndo ó longo do paseo invadido polos seus automóbiles. Tamén advirte que as sancións serán as máximas posibles, e se incrementará a acción da grúa.

■ *Outros deportistas non teñen por qué ter o paseo ou o carril-bici invadidos polos automóbiles*



Plano de Naval

■ *Tres polideportivas, dous aparcamentos, un perímetro verde tra-lo areal*

■ *Sendas para pasear sobre o cantil, unha praza sobre o estuario de Santa Cruz, dous novos accesos á praia*

Planéase a reforma de Naval

■ *Novo proxecto de ordenación para o entorno da praia de Dorneda*

A reforma integral do entorno da única praia da parroquia de Dorneda, Naval, situada moi perto do casco urbano de Santa Cruz, xa dispón de Plan Especial de Acondicionamento.

Cando acaben as xestións urbanísticas previas para obterlo solo e se xestione a realización da obra, dispoñeremos dun novo parque litoral que unirá o actual Paseo Marítimo de Santa Cruz coa praia de Naval, á que se fan novos accesos desde a Avda. do Mar

e se arrodea dun paseo perimetral. Tres canchas deportivas, unha gran praza-mirador sobre o estuario do Castelo, e unha instalación hostelreira sobre o mirador, son os principais alicerces.

A accesibilidade á praia mantense aproximadamente no trazado actual, unha vía que arranca do porto de Santa Cruz e remata na rampa da praia, e que será utilizado, sobre todo, polas máquinas necesarias para a limpeza do areal. Os outros dous accesos

son peatonais, desde a Rúa do Mar (estrada entre Santa Cruz e Breixo), ben a través de rampas ou de escaleiras, que salvan o desnivel existente. Os automóviles retíranse da zona máis próxima á costa, en aparcamentos de 10 e 40 prazas acaron dos dous edificios que alí existen, testemuñas do que a especulación urbana quería facer coa costa nos anos 70, hoxe felizmente esquecida.

Lento plan autonómico para o saneamento da Ría

A eliminación da depuradora de Mera, contratada por fin pola Xunta

■ *Despois de longas xestións ante a Consellería, os proxectos redactados polo goberno municipal saen a contratación*

Obras Públicas da Xunta iniciou por fin os trámites para contratar as obras de eliminación das depuradoras de Mera e Canide, e a automatización dos bombeos de todo o litoral de Oleiros.

Os responsables autonómicos felicitaron ó Concello pola decisión de apoiar esta importante obra de saneamento co 30% do seu orzamento, práctica nada frecuente.

A intervención ascende a 135 millóns de pesetas, e consiste en construír dous bombeos de augas residuais: un desde Mera e outro desde Canide.

Entre os dous, bombearán toda a auga residual que xenera o norte do municipio, a través da rede

xeral que percorre o litoral. Tamén está prevista a automatización doutras catro estacións de bombeo, que impulsan as augas ata o bombeo central, situado baixo a ponte da Pasaxe.

Precisamente a mellora deste bombeo xeral, xunto con outros situados nos litorales dos concellos de Cambre e Culleredo, terán tratamento de "prioritarios" para o goberno galego, e seica verán de destinar para eles diñeiro do presente exercicio.

Estas obras medioambientais están incluídas no Plan de Saneamento Integral da ría da Coruña, e levan un considerable retraso desde que se anunciaron.

■ *Tamén a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca está preocupada pola situación de retraso que leva a obra, que chegan a comparar co do Paseo Marítimo ou o da estrada de Lorbe e consideran unha bulra para Mera.*

Nunha nota de prensa expresaron a súa indignación polos continuos aprazamentos e demoras na execución da obra. O actual estado da depuradora resulta "un atentado contra a saúde pública debido ós olores que desprende", e resulta un punto negro ante a proxección turística da localidade.

Aumenta en Montrove o xardín romántico

■ *Recupérase a antiga finca Ibarrola cun parque de engaiolante personalidade intimista, aínda que causas alleas ó Concello retrasan a súa execución*



Parque de Montrove

Axiña comezarán as obras de aumento do Parque de Montrove. Case 5.000 m² de zona verde anexa ó parque da Capela e ó pequeno espacio que arrodea a fonte de San Paio, unha das primeiras que recuperaron o seu vello esplendor.

O parque será realmente a recuperación dos vestixios da vella finca do pazo. Os restos desta edificación de pedra serán conservadas como unha parte máis do xardín, así como tamén o muro perimetral, duns 3m de altura, e a estrutura

primixenia do lugar que arrodeaba a casa solarenga.

Un espacio xeométrico con bancais axardinados e un camiño cunha bóveda de buxo e unha ponte de madeira recuperáranse para tomar novo pulo de vida e esplendor.

Ademáis de restaurar a vexetación e os elementos constructivos existentes, potenciaráanse con prantas trepadoras, arbustos, novas árbores con flores ou follas de cor que contrasten coa verde

monotonía dos loureiros.

O estanque que existe, que aporta quedanza e placidez, réalzase con nenúfares e outras prantas de ribeira. Un pequeno regato que tamén existe, será quen aporte o marmurio da auga corrente.

O conxunto, que costará 29.300.000, dotará ó núcleo histórico de Montrove dun entorno moi acolledor e que algúns xa comezan a denominar o "corazón romántico" do concello.

Frenados cen millóns para mercar solo

O Metropolitano, tamén pendente do presuposto

■ *O PP desexaba eliminar esta partida dos orzamentos*

O bloqueo do presuposto do 2001 impide que o Parque Natural Metropolitano continúe o seu engrandecemento. Había previstos 100 millóns de pesetas destinadas a mercar novos espacios.

Ó PSOE e PP non lles chegou con bloquea-lo presuposto no Pleno. En concreto, o voceiro popular Fernández Rosende declarou nos xornais que o destino de 100 millóns de pesetas para comprar terreos para este parque deberían dedicarse a outras obras como levar estradas ou infraestruturas polo medio do monte, para reconvertir solo en urbano a medio prazo.

O plan para reservar este espacio entre o triángulo urbano máis poboado do Concello ten unha enorme importancia estratéxica: será o pulmón do que

respiren os nosos netos: toda unha garantía de vida natural para as futuras xeneracións.

Ademáis do espacio necesario, existe un proxecto de restauración que comezará axiña, unha vez que a Consellería de Familia, Emprego e Xuventude da Xunta apoiou un proxecto de Obradoiro de Emprego para persoas en situación de desemprego que desexen estudar un oficio ó mesmo tempo que colaboran nunha importante obra pública.

Máis información en páxina 13.

O eterno frenazo ás estradas comarcais

Unha especie de congreso pre-lectoral celebrado en Santiago baixo a denominación "Viaria" pretendía describir a rede de estradas galegas do futuro. Pero non existía nen un dato que definise cando se van acomete-los problemas que manteñen á comarca coruñesa nunha situación terceiromundista.

O director xeral de Obras Públicas do Ministerio de Fomento recoñeceu que o seu departamento non ten prevista ningunha inversión considerable na área metropolitana coruñesa en materia de modernización viaria.

A preguntas de representantes do Concello de Oleiros, sobre cando pensan abordar obras públicas tan necesarias como os cruces do Seixal e Liñas, o do Clube de Tenis ou a nova conexión coa A9, o director xeral só puido mostra-lo seu descoñecemento acerca dos problemas de tráfico que afectan ás estradas de ámbito estatal da área metropolitana coruñesa.

Estas obras, que deberan ser contratadas de inmediato —os terreos xa están a disposición do Ministerio, cedidos polo Concello—, permitirían solucionar un problema de tráfico que afecta a uns 60.000 automóbiles diarios. O feito de que noutros lugares de Galicia se vaian invertir grandes cantidades para

resolver problemas de tráfico en estradas de menos de 10.000 vehículos/día, supón unha gravísima discriminación cara ó conxunto urbano máis dinámico de Galicia.

Ante o descoñecemento do representante do Goberno Central, mediou no debate o director xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia, Agustín Hernández-Fernández, quen manifestou que en Santiago están —coma sempre— a estudar o proxecto global de comunicacións terrestres da área metropolitana.

Ante as demandas de información, ó final intúese que tanto a Vía Ártabra, coma os cruces do Seixal e o Clube de Tenis, serán abordados pola Xunta, aunque estes últimos estén nunha estrada estatal. **Investimentos**

autonómicos como o acceso ó aeroporto de Alvedro ou a Terceira Ronda entre A Coruña e Culleredo xa están, en cambio, programados.

Os cruces a diferente nivel no Seixal e no Clube de Tenis, e a nova conexión coa A9 desde a NVI servirá para liberar de tráfico os núcleos urbanos do fondo da ría: O Burgo (Culleredo), O Temple, O Graxal (Cambre) e Nos (Oleiros). Ademais, facilitaría o acceso á Coruña e contribuiría a eliminar tráfico de Perillo, atravesado por catro carrís cargados de automóbiles.

Vía Ártabra, a solución


Obras Públicas da Xunta manifestou que a Vía Ártabra é a solución idónea para solventar-lo acceso directo desde os núcleos de poboación de Oleiros ás grandes vías de conexión a través da rede de

autoestradas.

Así está previsto no plan para moderniza-las estradas da área metropolitana máis poboada e con maior potencial de crecemento de Galicia.

A Vía Ártabra é unha estra-

da de novo trazado entre os concellos de Oleiros e Sada, penetrando no termo municipal de Cambre e conenctándose alí coa A9. A vía servirá para desconxestiona-la estrada litoral e a ponte da Pasaxe.



Case tódolos usuarios van á Coruña

¿Qué transporte necesitamos?

■ *Un estudio revela a insatisfacción veciñal polo transporte*

■ *É froito dun convenio entre o Concello e a facultade de Socioloxía de Santiago*

O transporte colectivo é unha das asignaturas pendentes non só de Oleiros, senón de tódolos concellos da área metropolitana. Para saber de seguro cal é a situación, realizouse un profundo estudio de cada un dos itinerarios. O traballo sociolóxico confirmou o que intuían os técnicos municipais: só unha pequena parte dos usuarios están satisfeitos co servizo, regulado pola Xunta de Galicia.

A práctica totalidade dos veciños que collen o bus, diríxense á capital, polo que as demandas refírense á frecuencia dos coches e non se considera prioritario contar cunha liña interior do Concello, excepto no verán, que a xente solicita un servizo do interior cara ás praias.


Esta carencia afecta especialmente a Mera, Dexo e Lorbé, cunha frecuencia de buses calamitosa, que afecta a moitos veciños.

Outra conclusión interesante foi detecta-las "zonas de sombra": interiores das parroquia de Nos e Liñas, así como algunhas poboacións do interior de Dorneda.

Tanto desde o Concello como desde o Consorcio Metropolitano realízanse constantes xestións para que a Xunta tome dunha vez en serio este asunto tan preocupante en concellos cunha poboación que non deixa de medrar.

Bo tempo, boa cara, e mellores obras

Estas son un grupo de importantes obras que foron ou están sendo contratadas con cargo ós orzamentos do ano 2000.



■ Nova Casa do Concello

Amplíase o parque da Praza de Galicia coa finca na que se sitúa o novo edificio que se engade á Casa consistorial, entre a praza e a Av. de Francisca Herrera. Entre a rehabilitación do edificio e a recuperación do xardín invístense uns 126 millóns de pesetas.

■ Melloras en Che Guevara

Bancos, papeleiras, sinalización vial, acondicionamento dos accesos á Pasarela do Asubío e outras melloras en todo o espazo da avenida, de Perillo a Santa Cruz. Costan 7.750.256 pts.

■ Muiño de Dexo

Un muiño en ruínas que verá recuperada a súa canle de auga, o edificio (cuberta e carpintería), para que todos poidamos ver cómo funciona esta peza agora en desuso. Costa 1.710.000 pts.

■ Melloras no Parque L. Seoane

Pechar con travesas parte do parque, realizar unha drenaxe mellora-lo alumeadado público e colocación de chan de goma na zona infantil do parque son as melloras que se realizan, por importe de dous millóns e medio de pesetas.

■ Depósito de auga de Oleiros

Era necesario mellora-lo suministro de auga, especialmente nas zonas altas do Concello, onde no verán presentan algúns problemas de suministro. O depósito está situado na Edreira (Oleiros) e terá unha capacidade de 3.000 m³. Servirá para mellora-lo depósito actualmente existente. O investimento, incluído en programas provinciais, sobrepasa os 50 millóns de pesetas.

■ Suministro de auga en Broño

Outra obra relacionada coa auga: dotación domiciliar e rede de sumidoiros neste lugar de Maianca. É xa a segunda fase do proxecto, e é o último núcleo urbano importante do Concello que carecía deste servizo. Da obra, quedan excluídos dous tramos debido á falta de colaboración dos propietarios. Executara-se mediante a imposición de contribucións especiais ós mesmos. O importe pasa dos 13 millóns de pesetas, e na súa financiación participan os veciños.

■ Vivenda do garda no Castelo

A primeira fase desta obra está a piques de executarse. Trátase de restaura-las antigas vivendas da garda do Castelo de Santa Cruz, para dedicalo a servizos múltiples relacionados coa actividade do Castelo. É un pequeno edificio histórico, de pedra, que costará recuperalo case 10 millóns de pesetas. Ademais, conservaríanse os seus elementos arquitectónicos característicos.

Repaso a outras obras en marcha

Están en marcha ou a piques de comezar algunhas

obras que se foron pospoñendo por mor do mal tempo.

Algunhas das obras programadas, que se fóran apazando por mor do mal tempo, están xa realizadas ou en proceso de realización, gracias á relativa calma que presenta a climatoloxía.

Alumeados públicos

Sete alumeados públicos en **Dorneda**, cinco en **Serantes**, dous en **Liáns** e **Oleiros**, e un en cada unha das parroquias de **Maianca**, **Dexo**, **Nos** e **Perillo**, están xa en execución. Entre todos, o orzamento ronda os 12 millóns e na súa maioría trátase de prolongacións doutros alumeados xa existentes.

Auga e saneamento

Duas das instalacións de auga e saneamento previstas están xa rematadas: a mellora da rede en **Nos** (Seara, Bartolomé de las Casas, Federico Maciñeira e Regueiro Escuro), e o alcantarillado do Riveiro, en **Perillo**. En breve darán comezo as obras de novas conducións en **Serantes** (Camiño das Escolas e Rúa Lamalonga), e a da rede das Abeleiras, en **Dorneda** (na Av. Pardo Bazán).

Espacios públicos

En canto á reparación de espazos públicos, están en execución ou moi próxima a comezar, a reno-

vación da urbanización **Canide** (Maianca, 158 millóns), o andén **Coruxo-Os Regos**, na parroquia de Liáns, a reparación do adro da Igrexa de **Serantes** e varias pavimentacións de rúas no núcleo de **Fornos**, tamén en Serantes. Ademais, comezará en breve a realización das aceras da Rúa Charry e remodelación do cruce existente para entrada na praza de Galicia, en **Oleiros**.

Outras obras en marcha son o campo de fútbol de **Oleiros** (en poucos días comezará tamén a mellora do do Hércules, en **Nos**), a adecuación da vexetación no entorno de **Naval** (Dorneda). A

quinta fase das aceras en Salvador Allende (**Nos**) comezará en pouco tempo.

Rebacheos

Todas estas obras corresponden a contratacións realizadas polo Concello a empresas proveedoras, pero está tamén en marcha un Plan de Rebacheos en todo o termo municipal, que será realizado polo departamento de servizos municipais. Esta actividade, que se leva a cabo de maneira regular durante todo o ano, cobra meirande importancia arestora, despois de tan peculiar invernia.

Novas vivendas de prezo económico

Varias promocións urbanas que actualmente se constrúen inclúen vivendas de prezo público, gracias ó Plan Municipal de Vivenda, que se está a executar segundo os prazos previstos. Esta información contén datos sobre as xestións en curso.



Caavamontes

- 25 novas vivendas
- Construcción avanzada
- Perto do mercado
- Próximamente á venda



Beiramar

- 21 vivendas
- Comenzarán a construírse en breve
- Entre a N-VI e a ría



Icaria 2

- 32 vivendas
- Xa construíndose
- Na urb. Icaria



O Seixo

- 16 vivendas
- En construción
- Perto da N-VI



As Galeras

- 30 vivendas
- A construción comezará este ano
- Frente ó Instituto de Bastiagueiro



Romardeiro

- 52 vivendas
- A construción comezará este ano
- Perto da igrexa de Santa Aia



Mesón da Auga

- 135 vivendas (pisos e chalés)
- Comezará a construción este ano
- Perto da N-VI
- Promoción da Xunta de Galicia



A Cova

- 22 vivendas
- Comezará a construción este ano
- Saíndo de Oleiros cara a Sada

Promocións privadas

Outras iniciativas



As Galeras

Urbanización que constará dun total de 337 vivendas de chalés e edificios de 2 e 3 plantas. Gran parque público e escola infantil. Comezará a construírse este ano.



O Muíño

Promoción de 60 vivendas de promoción privada que están comezando a construírse. Gran praza semicircular con espacio comercial no centro de Santa Cruz.



Fonte do Ouro

Urbanización que constará de 85 vivendas en chalés e edificios de 2 plantas. Situada na estrada que une Oleiros con Iñas.

Aínda chega a tempo á subasta de solo nas Galeras, para **vivendas unifamiliares**

Oito fincas ben situadas para edificar chalés pareados

Nas Galeras oito particulares poden optar ó sistema de subastas para comprar fincas de uns 500 m², dos que son edificables algo máis de 300, en forma de chalés unifamiliares pareados (construídos un á espalda do outro).

O importe das licitacións de partida, na maioría dos casos, é de 8,8 millóns de pesetas, aínda que en dúas parcelas é algo inferior, por mor do seu tamaño: nun caso ascende a 8,6 millóns e noutro a 8,1. Ós importes resultantes da subasta haberá que engadir en cada caso o 16% de IVE.

Este prezo inclúe xa os gastos de urbanización, que correrán por conta municipal. En tres meses, o Concello realizará a escritura de propiedade en favor dos gañadores das subastas. Tódalas persoas que desexen participar nas subastas deben depositar unha fianza que ascende a unhas 176.000 pts.

“A Ría” reclama diversas melloras para Perillo

A reposición dalgunhas árbores das aceras de Perillo e unha maior atención ó Parque de Caavamontes son demandas que a Asociación de Veciños A Ría reclamou ó Concello.

Denuncian que o parque precisa dunha maior atención, en especial no relativo á súa limpeza, en especial na zona infantil.

Reclaman unha reposición de árbores nas aceras, e no José Martí de Sta. Cristina fan referencia ó mal estado do pavimento nalgunha zona, e reclaman xogos para nenos de máis de 5 anos.

Tamén solicitan que se limpe a maleza vexetal que arrodea a Pista de xogos de Cova dos Bois e suxiren instalar carteis indicadores do novo edificio de Correos.

Por fin contratan en Lorbé a rampla de Varado



■ *A obra viña reclamándose polo Concello e os pescadores desde o ano 94*

Unha obra moi agardada polos pescadores de Lorbé acaba por fin de ser sacada a licitación pola Xunta.

Trátase da rampla de varado do porto, que complementa as demandas dos armadores, ós que agora só queda ver cómo e cando lles arranxan os accesos á instalación, que decorren neste momento pola rúa do Portelo, óptima para o tráfico urbano, pero non para o industrial.

A obra que se contrata —reclamada polo Concello desde o ano 94— ascende a 43,3 millóns de pesetas.

Dase a paradoxa, ademais, de que as naves que foron construídas para os armadores hai xa varios meses, aínda non foron entregadas ós seus usuarios, e este anuncio da feliz contratación é boa ocasión para lembralo.

A rampla con carro de

varado é un mecanismo que posibilita a limpeza e reparación dos buques, e mide case 69m por 15 de ancho, cunha pendente do 8%. Vai inserida na mesma rocha de Lorbé a través dunha pequena plataforma de formigón. Entre esta rampla de varado e o actual porto queda un espacio de uns 20m, que será obxecto de dragado para favorecer a operatividade do tráfico mariño.

Na actualidade, a mesma COTOP está a realizar obras no porto que consisten na ampliación da liña de atraque.

Con esta obra vai facéndose de Lorbé un enclave operativo de futuro para a actividade acuícola e a pesca artesanal. A importante empresa mexiloeira existente é

a maior productora do norte de Galicia, e a flota artesanal ten en Lorbé grandes perspectivas de crecemento.

Os accesos

O que agora precisa o porto é un acceso en condicións. O Concello, remiso a seguir utilizando a rúa do Portelo como vía útil para o tráfico industrial, ofreceu como solución que a Vía Ártabra, prevista para desconxestiona-lo tráfico da franxa litoral e ofrecer un acceso rápido á rede de autoestradas. Esta vía partiría do mesmo porto de Lorbé e percorrería o dorsal dos concellos de Sada e Betanzos. Neste momento, a COTOP está estudando a súa construción.

Utilízana veciños de Lorbé e Aba



Capela do Carme

■ *A súa cuberta resultou afectada polo temporal*

■ *“Amigos de Lorbé” está a facer unha colecta, e solicitou colaboración municipal*

■ *O Concello colaborará na restitución do tellado*

Arranxa-la capela do Carme, en Lorbé

A capela do Carme de Lorbé sufriu un desgraciado deterioro a consecuencia da virulencia dos últimos temporais, que provocou a rotura de parte da cuberta do edificio, situado na Rúa Portelo, ou baixada ó porto de Lorbé.

Esta igrexa, pertencen-

te á parroquia de Dexo, é utilizada por moitos fieis dos lugares de Aba e Lorbé, pois dista bastante da igrexa principal da parroquia, Santa María.

A Asociación de Amigos de Lorbé, así como outros veciños do lugar, están a facer unha colecta para restaura-lo

templo, e solicitaron a colaboración municipal.

A alcaldesa comprometeuse a colaborar na restitución do teito da capela, e incluso a estudia-la posibilidade de que os técnicos municipais colaboren co proxecto de obra necesario.

Canide abre as súas rúas ó mar

Canide abrirá as súas rúas ó mar, pois pasan a ser públicos os «fondos de rúa» que agora están dentro das fincas que dan ó mar.

As 15 rúas da urbanización convertiranse en pequenos miradoiros cara á bahía de Mera e ó pequeno golfiño de Canide. As vías públicas rematarán nunhas pequenas rotondas para permitir xira-los automóviles.

Canide foi construída nos anos 70, e coa entrada en vigor do PXOM quedou paralizada por non dispoñer dos servizos necesarios para unha habitabilidade normal.

O investimento total ascende a 147,8 millóns de pesetas,

acometidos conxuntamente polos veciños e o Concello.

Ademais, volverá a poder construírse, xa que máis de 60 das aproximadamente 90 parcelas da urbanización están sen edificar. Todas serán en réxime de vivendas unifamiliares, o que fai previsible unha importante actividade constructora nos próximos anos.

■ *As 15 rúas da urbanización rematarán en pequenos miradoiros*



Maqueta da urbanización

O Muíño vai aparecendo no centro de Sta. Cruz

A nova urbanización modificará o actual centro urbano de Santa Cruz, creando un espacio público de case 6.000 m² en forma de praza semicircular, e conectando cun novo vial as vías Concepción Arenal e A Ferrala.

Unha das pezas máis características do novo espacio urbano será a recreación dun auténtico muíño de auga, co que se honrará o vello nome do lugar, chamado tradicionalmente "Muíño de Pedro", en referencia a unha antiga construción.

O Concello valora especialmente o feito de que as novas urbanizacións non creen rúas-túnel, como acontece noutros lugares, ganando espazos públicos e abertos, unha idea máis coas que se constrúe en Santa Cruz un núcleo urbano pouco abigarrado e tamizado por gran número de xardíns.

Serán unhas 60 vivendas en baixo e tres prantase un espacio comercial de 400 m², anexo ó muíño.

“Oleiros Expansión” brilou con luz propia na Feira do Emprego



As autoridades visitaron o stand de Oleiros

■ *“Calidade urbana, calidade humana”, o lema solidario de Oleiros, serviu para presenta-la política ocio-laboral do concello*

Oleiros trunfa en Galiemprego

Un stand minimalista no que se recollían tódolos servizos de carácter económico e socio-laboral que ofrece o Concello serviu para que os visitantes de Galiemprego coñecesen a actividade de loita contra o desemprego que se leva a cabo en Oleiros coordinado desde o Centro de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo.

Unha das mensaxes que se quixo ofrecer ós visitantes era a que recollía o eslógan “Calidade urbana, calidade humana”. Este

apoiábase na imaxe xeral que o cidadán galego ten do noso concello: un lugar no que a paisaxe e o urbanismo se coidan ó máximo e no que a calidade de vida dos veciños se antepón a calquera outra consideración.

Sobre esa base, quería abrir outra dimensión: a calidade humana que reside en tódalas persoas de boa vontade e que se materializa nas políticas solidarias de apoio ós desempregados.

A calidade referíase tanto ós servizos de formación que resi-

den no noso centro, como á dimensión de asesoría e consultoría pública que se realiza a prol dos desempregados, novos empresarios ou calquera que demanda información sobre as posibilidades laborais no Concello.

Mentres varios audiovisuais informaban ó público sobre o Centro de Formación, a recuperación da Quinta Rialeda ou aspectos xerais do territorio oleirán, un pequeno agasallo facía furor entre os que se ache-

gaban: cada un podía levar un exemplar dun pequeno sobre cunha mensaxe de esperanza. No seu interior atopábase sementes de cerdeiras, e animábase a que as plantasen con agarimo.


Foi o agasallo estrela desta edición de “Galiemprego”, que pretende ser un escaparate de toda a actividade promocional do emprego que se xenera en Galicia. A feira está organizada pola Consellería de Familia da Xunta de Galicia.

Confirman o novo Obradoiro de Emprego

■ *Obradoiro de Emprego Parque de Liáns para restaurar o futuro Parque Metropolitano*

■ *Para 45 desempregados maiores de 25 anos*

O Parque Metropolitano de Liáns avanza e en poucos anos pode converterse en realidade. De momento, aí vai a primeira fase: un Obradoiro de Emprego para que 45 persoas se especialicen nun oficio, ó tempo que realizan un labor para tódolos veciños.



Un total de 45 persoas maiores de 25 anos serán os beneficiarios do Obradoiro de Emprego Parque de Liáns, unha iniciativa municipal que conxuga dous obxectivos: promociona-lo emprego e ó mesmo tempo transformalo actual bosque de Liáns no futuro Parque Natural Metropolitano, situado entre Perillo, Montrove e Bastiagueiro.

A nivel formativo, con-

forman o obradoiro tres especialidades de 1.920 horas cada unha: bioxardinería, auxiliar de viveiro forestal e auxiliar forestal.

Téntase que con esta iniciativa, sexan habilitados os solos dunha ladeira do parque, o chamado Monte do Sino, que cae cara á praia de Bastiagueiro e o INEF.

Ademáis dos alumnos, no obradoiro están implicados nove persoas, entre

director, monitores e persoal de apoio, e está coordinado polo Centro de Formación Isaac Díaz Pardo, donde se ubica a área de promoción económica e socio-laboral do Concello.

Os interesados deben estar inscritos no Servicio Galego de Colocación, e recibirán como salario o 150% do mínimo interprofesional (que supón unhas 120.000 pts.)

Os traballos garantirán a protección paisaxística do lugar, definirán os criterios de conservación e potenciarán as vías e carreiros existentes, así como a apertura doutros novos para conectar zonas periféricas.

Tamén se elaborará unha zonificación según as características do solo, vexetación e orientación de cada unha.

No parque ademáis

potenciarase o arborado e o soutobosque, recupérase o regato da Angueira, créase un xardín botánico forestal e realizarán-se itinerarios. Tamén se incluírán zonas de servizos, áreas forestais e de pradería extensiva, con espazos abertos e terrazas que serán repoboadas con especies autóctonas.

Novos cursos no Centro Municipal de Formación

O estudio e a práctica, armas contra o desemprego

■ *Novos cursos de cociña, pastelería, albanel, serigrafía e pintor de edificios*

Ademáis do novo Obradoiro de Emprego do Parque de Liáns, saíron as convocatorias para unha xeira de novos cursos de formación para cidadáns en situación de desemprego.

Constitúen a oferta tradicional do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Cursos de 1.045 horas para quen queira aprende-lo oficio de cociñeiro; de 1.000

horas para quen queira perfeccionarse como albanel.

Seiscentas horas teñen os cursos de pintor de edificios, e 540 horas os de confección de serigrafías. Tamén existe un curso de pastelería, de 465 horas.

Como requisito para realizar estes cursos hai que estar inscrito no Servicio Galego de Colocación, e telo demandado.






O Centro Municipal de Formación

do 2001, paso a paso

ómo PSOE e PP bloquearon as contas municipais

<p>6</p> <p>Éptanse 91 enmendas</p> <p>Estese na peti- de propostas do Orzamento (documento 5) e o conseqüen- do Goberno municipal inclúe 91 enmendas propo- por PP e PSOE, e os 1.600 óns de inver- s (o orzamento ascende a uns 0 millóns).</p>	<p>7</p> <p>Convócase o Pleno</p> <p>Un mes e once días despois de entrega- lo documento ós concelleiros, con tempo sobrado para presentar enmendas (a lei obriga a 8 días), convócase o Pleno e Comisión Informativa para o 21 de febreiro (docu- mento 6). Tanto Alternativa como BNG pensaban que PP e PSOE votarían favorablemente ou se absterían. Durante o Pleno, algún atre- veuse a poñer en dúbida a legalidade da reunión, que foi convocada con tódo- los requerimentos establecidos no Regulamento Municipal.</p>	<p>8</p> <p>¿Non tiveron tempo?</p> <p>Pensábase que os concelleiros do PP e o PSOE xa dixen- ran todo o que tiñan que dicir durante as múlti- ples reunións. Pero unha hora antes do Pleno, presentan uns escritos que consideran "enmen- das", pesia non reu- niren os requisitos necesarios.</p>	<p>9</p> <p>As enmendas de última hora</p> <p>Esas "enmendas" buscaban bloquea- la acción do Goberno, <u>secues- trando competencias propias da Alcaldía en favor de múltiples comisións informativas e do Pleno</u>. Así convertían ó Concello en ingobernable. A oposición intenta impedi-la acción executiva do gober- no, e quere que éste actúe ás súas ordes. Ademáis, incluían varias obras que corres- ponde realizar a outras administra- cións (Deputación, Xunta e Goberno central).</p>	<p>10</p> <p>A 'falta de tempo'</p> <p>A oposición desexa- ba que o Presuposo- to quedase sobre a mesa, segundo dixeron "por falta de tempo para estudia- lo", cando dispuñan do documento desde había case mes e medio e se celebraran 8 xun- tanzas sobre o mesmo. O Goberno Municipal era cons- ciente de que esa sería a actitude da oposición: entorpe- ce-lo traballo ata o límite.</p>	<p>11</p> <p>Ou moción de censura...</p> <p>En vista de todo esto, o Goberno invita á oposición a que presente unha moción de censura e que gobernen eles, apoiados pola maioría absoluta de 11 concelleiros que suman os votos do PP e mailo PSOE. Eles poderían poñer en práctica o seu propio presuposto, e non terían que obrigar ó goberno actual a gobernar cos criterios de outros.</p>	<p>12</p> <p>...ou deixar gobernar</p> <p>De non presenta- la moción de censura, deberían adoitara unha postura de responsabilidade e permitir que o Goberno actual exerza o seu traba- llo cuns orzamentos básicamente des- eñados polo grupo maioritario (Alternativa dos Veciños), incorpo- rando as propostas da oposición, como así se decidira nas comisións previas, diante dos veciños, pero que traiciona- ron durante a Comisión Informativa previa ó plenario.</p>
---	---	---	---	---	---	---

estudialo ca:



Asociación nº 332557

Principal Informativa

SAO de Febrer

de 2001

Asociación nº 332557

Principal Informativa

SAO de Febrer

de 2001

As obras paralizadas por PSOE e PP

Administración Xeral

- MELLORAS OFICINAS MUNICIPAIS
- NOVOS EQUIPOS INFORMATICOS
- MOBILIARIO NOVA CASA CONSISTORIAL
- NOVOS COCHES DE POLICIA
- EQUIPOS DE DEFENSA
- COMUNICACIÓNS PRAIAS
- MEGAFONÍAS PRAIAS



Auga

- TRAMO SUMID. ABELEIRAS ABAIXO-O COUTO
- REDE AUGA EN S.ALLENDE, ARMENTAL, BART DE LAS CASAS, A GANDARA (POS2001)
- AMPLIAC. COLECTOR AUGA CHE GUEVARA. P.O.L. ANUAL. 2001
- ALCANT. O PINAR
- ALCANT. JIMENEZ HERRERO
- PINTURA DEPÓSITO DE MONTROVE
- RENOVACIÓN TRAMO COLEC AUGA AVDA S.CRISTINA
- MELLORA REDE STA. CRISTINA
- DEPOSITO AUGA OLEIROS. P.O.L. ANUAL. 2001
- AUTOMATIZAC. BOMBEO FECAIS
- BOMBEO AGRA DO RIO, ABA E AS PEDRAS
- ELIMINACIÓN BOMBEO FECAIS INSTITUTO M. CASARES

FONTES E MANANTIAIS

- INVERS. REPOS. OUTRAS
- RECUPERACIÓN FONTES E MANANTIAIS
 - O Bañil (Liáns)
 - Breixo (Dorneda)
 - Lavadeiro Maianca
 - Lavadeiro Montrove

Alumeados Públicos

- GLORIETA AS PEDREIRAS-O CARBALLO
- TRAMO AS BURRAS-FRANZOMEL, A PROBA, ABELEIRAS DE ARRIBA
- TRAMOS PASEO STA. CRISTINA
- TRAMO RUA BENITO VICCETO
- RUA DA PROBA
- ABELEIRAS DE ARRIBA-OS TORNOS
- RUA O REAL-2A FASE
- PARQUE CASA POBO MERA
- CAMIÑO DO CASTRO
- AVDA MARÍA PITA (BREIXO-ENTRADA CANIDE)
- PARQUE RIALEDA
- TRAMO SALVADOR ALLENDE
- MELLORAS A GRANXA
- MELLORAS PERILLO VELLO
- RENOVAC. BASTIAGUEIRO
- MELLORAS Pº CENTRAL S. CRISTINA



Estradas, camiños e vías públicas

- INVERSIÓN NOVA EN TERREOS PARA AMPLIACIÓN DE VIAIS
- ACERAS A PIA-A PERLA
- ACERAS OLEIROS TRAMO REAL-EDREIRA 1ª FASE
- ACERAS ROSALIA CASTRO TRAMO RIALEDA-AS PEDRAS
- ACERAS AS TORRES 2 F
- ACERAS RUA PEGASO
- ACERAS ARILLO-LOURIDO
- ARCEN AGUIEIRA-BREIXO
- ORDENACIÓN FRENTE FAÇENDA LOCAL E CARRIL CORREDOIRA DAS VIÑAS
- ANDEN SERANTES-AGRA
- ACERAS CHE GUEVARA (ORLINDA-POLVORIN)
- ARCEN PREFERENTE CEMITERIO LIANS (MUIÑO DO VENTO A LONGORA)
- REORD CRUCE CENTRO STA. CRUZ
- ACERAS OLEIROS A STA. CRUZ (BARREIRA)
- ACERAS FRENTE CASA POBO LORBE
- ARCEN DEXO-LORBE 1ª FASE
- ARCEN DO COUTO DE LORBÉ Á PANADERÍA
- RECUPERACIÓN SENDA COSTEIRA DE CANIDE Ó MIRADOR DE STA ANA
- TRAMO ACERA ENTRADA URBANIZACIÓN CANIDE E PAVILLÓN MUNICIPAL
- REPARACIÓN ACERAS RUA XUNCAL
- ACERA MARXE ESQUERDA RUA LINNEO

- REGO RUAS ICARÍA 1 FASE
- REPARAC RUA VENCELLO-ARILLO
- REGO RUA DO MAR
- REPARACIÓN RUA STO. DOMINGO (OS TORNOS-ARILLO)
- REPARACIÓN RUA DAS MARGARITAS
- REGO RUAS DO CASCO DE XOÉS
- REPARACIÓN RUA DO XABRON (DR. FLEMING A PUNXEIRO)
- REPARACIÓN RUA LUIS PIMENTEL
- HORMIGONAR A XESTEIRA
- REPARACIÓN RUA MARIA SOLIÑA
- REPARACIÓN CAMIÑO DA PRAIA DE LIANS
- REPARACIÓN CAMIÑO ENTRE RUA DO SOUTO E PRAZA DE LIANS
- REGO EN SALVADOR DE MADARIAGA
- REPARACIÓN CAMIÑO DO CASTRO
- CANALIZACIÓN RUA FOLLAS NOVAS
- REPOSICIÓN ASFALTO FRENTE URB RESIDENCIAL MONTROVE
- REPARACIÓN CAMIÑO OS POZOS
- ASFALTADO DE CASTROMEN
- ZAHORRA A CANLE
- REPARACIÓN RUA SAN ANTÓN
- REPARACIÓN RUA DA TORRELLA
- REPARACIÓN RUA DA FOLGUEIRA, LONDRA, GARDUÑA, TIERNO GALVAN E CAMIÑO DO XABARÍN.
- REPARACIÓN RUEIRO NA RUA CABREIRA
- REP. MONTE DA VELLA EN LORBÉ

- REGO EN RIO DE CAMPO
- APERTURA CAMIÑO DE FONTES A FARO
- REPARACIÓN RUA FEDERICO MANCIÑEIRA
- REPARACIÓN RUA DOS XUNCOS
- REPARACIÓN RUA LEON FELIPE
- APERTURA R/REAL
- ASFATADO RUA DA VILA
- ASFATADO RUA DAS CAINCEIRAS (TR.URBAN)
- ASFATADO RUA DAS CARRIZAS 1A FASE
- ASFATADO RUA FIGUEIRAS
- ASFATADO SOBREANCHOS RUA FOLLAS NOVAS
- ASFATADO RUA DAS CAMPOSEIRAS
- CEMENTACIÓN RUA CAMPOMAR (TRAMO)
- ASFATADO RUA BENITO VICCETO
- ASFATADO RUA O RIVEIRO
- RUA DO GRANXARON
- RUA MORRIÑA
- TRAMO RUA OS VILARES
- ASFATADO CAMIÑO DE COROTO E XARDIN DE NOS
- RUA DOS PENSAMENTOS
- ASFATADO O PINAR -LORBÉ
- ASFATADO O PERINXEL
- ASFATADO RUA BENITO FEIJOO

As obras paralizadas por PSOE e PP

Urbanismo e Arquitectura

- COMPRA DE SOLO PARA:
- PARQUE METROPOLITANO
 - ZONA VERDE LAGOA MERA
 - SOLO COLIND. CASA POBO DORNEDA
 - POSTERIORES CASA MAR MERA
 - SENDAS COSTEIRAS
 - SOLO COLIND. LOCAL AAVV BREIXO
 - ADQ. TERREOS CEMITERIO DEXO

- URBANIZACIÓNS:
- ZONA INDUSTRIAL IÑAS E SUP-2R
 - SUNP-2R MEIXON FRIO
 - PLAN P. TRASEIRA LAGOA DE MERA
 - PLAN PARCIAL BASTIAGUEIRO PEQUENO
 - PROX. URB. PORTO E PRAIA DE NAVAL
 - PROXECTO ACCESO PORTO DE LORBÉ
 - PROXECTO PLAN VIARIO T.M.



Prazas, Parques e Paseos

- PECHE XOGOS INFANTÍS STA CRISTINA
- CARRIL BICI CANIDE-MERA
- PECHE TRAVESAS OLLOS NO SEIXO BLANCO
- BANCOS DO SEIXAL E DO RIO DA VEIGA
- BAIXOS EDIF CENTRO SOC. MONTROVE
- ADECENT ENTORNO CAPELA STA ANA
- MARQUESIÑAS EN VARIOS LUGARES
- AMPLIAC PARQUE DOS REGOS
- PUNTO VERDE
- MELLORA PARQUE INFANTIL DO SEIXAL
- MELLORAS PARQUE A CAPELA
- MELLORA ZONA VERDE ENTORNO A PERLA
- MOBILIARIO PARQUE A PIA
- PECHE TRAVESAS O REGACHO
- ORD ESPACIO CONTENEDORES LIXO
- ZONA VERDE BEIRAMAR
- REPOSICIÓN DE PLANTAS E ÁRBORES EN ZONAS VERDES O CARBALLIDO , ARENAZA, LAGOA DE MERA , RAFAEL ALBERTI , LÓNGORA E FRENTE URB.LAMASTELLE, PARQUES LUIS SEOANE, BASTIAGUEIRO E JOSÉ MARTÍ.
- MOBILIARIO URBAN EN XUBIN. O CASTELO, PARQUE PRAZA LIANS, PASEO MARITIMO STA. CRUZ E PANEIS
- INFORM. CASA POBO NOS, SEIXAL, XARDIN DE NOS, VILANOVA E RUA DA AREOSA

Ensino

- TERREOS AMPLIAC. ESCOLA DE CANIDE
- MOBILIARIO ESCOLA INFANTIL BASTIAGUEIRO
- PINTURA SALÓN DE ACTOS COLEXIO RABADEIRA
- TERREOS PARA A AMPLIACIÓN DO COLEXIO A RABADEIRA



Promoción e difusión da cultura

- CONSTRUCCIÓN CASA POBO DEXO 2ª FASE
- RECUPERACIÓN E ADECUACIÓN CUARTEL MERA 1ª FASE
- REHABILITACIÓN VIVENDA CASTELO STA. CRUZ
- MOBILIARIO CASA POBO DEXO
- MOBILIARIO BAIXOS DPTO. CULTURA
- PINTURA CASA POBO NOS
- PINTURA E MILLORAS CASA POBO LORBÉ
- INSTALAC LUDOTECA EN STA. CRUZ
- RECUPERACIÓN CASA GUYATT-1ª FASE

Servicios Municipais

- MATERIAL DE TRANSPORTE
- CAMIÓN BASCULANTE
 - MAQUINARIA INST. E UTILL.
 - MAQUINARIA OBRAS
 - MAQUIN.LIMPEZA VIARIA
 - MAQUIN.XARDINERIA
 - MAQUIN.CEMITERIOS



Obras de Urbanización

- URB. O REPICHO
- 10% POLIG . AS GALERAS
- 10% POLIG. O CARBALLIDO
- 1ªFASE POLIGONO IÑAS EMPRESA
- ORD. GLORIETA A CHOUPANA
- REORD ZONA VERDE COVA DOS BOIS
- OBRAS CAMPO DA FESTA DE IÑAS
- ORD. PARCELA CASA DO POBO DE NOS
- URB.. CAMPO DA FESTA DE DEXO
- OBRAS URB. NO VALIÑO
- REPOSICIÓN DA ZONA VERDE EN AVDA CHE GUEVARA
- URB. PARQUE PÚBLICO NO CARBALLO



Educación física e deportes

- PECHE MALLA POLID. OS REGOS
- CUBRIR POLIDEOPRTIVA OS REGOS
- HABILITACIÓN BAIXOS BASTIAGUEIRO PARA ACTIVIDADES
- MELLORAS CAMPO FÚTBOL STA. CRUZ
- PECHE MALLA POLIDEPORTIVA O SEIXAL
- PECHE MALLA POLIDEPORTIVA DEXO
- REDE PROTEC POLIDEPORTIVA RIALTA
- CUBERTA POLIDEPORTIVA CASA POBO DE NOS
- DESEÑO PISTA XOGOS Ó LADO CENTRO SAÚDE STA. CRUZ
- PINTURA POLIDEPORTIVA A RABADEIRA
- PULIDO E PINTADO POLIDEPORTIVA RIALTA
- PULIDO E PINTADO POLIDEPORTIVA COLEXIO LUIS SEOANE
- PAVILLON MUNICIPAL DE CANIDE
- CÉSPEDE CAMPO FÚTBOL MONTROVE

A parálise dos Presupostos do 2001

Utiliza-la Xustiza para bloquea-los presupostos

Para evitar que fosen aprobados os presupostos mediante a discusión dunha Moción de Confianza, os grupos PSOE e PP recorreron ó Tribunal Superior de Xustiza. En función de cómo se desenvolveu a sesión plenaria convocada para debate-los orzamentos, presentaron un Contencioso. O Tribunal pronunciará-se en breve.

■ *PSOE e PP poden gobernar Oleiros cando queiran: só deben presentar unha Moción de Censura*

Según dixeron, a sesión estaba mal convocada (aínda que eles acodiron con toda normalidade) e forzouse a votación, bloqueando o dereito fundamental dos concelleiros (aínda que eles tamén votaron).

Pero nese momento, o Goberno non quería dilatar por máis tempo a ausencia de Presupostos, e desexaba facilita-lo camiño para unha das dúas posibles saídas:

- Ou que se presentase unha moción de censura e **governase a maioría formada polo PSOE e PP,**
- Ou que se restituíse a **confianza no Goberno** aprobando os orzamentos.

Para eso, o Goberno presentara unha Cuestión de Confianza, que tiña

que terse celebrado o 8 de febreiro.

Con inusual celeridade, a sala do Tribunal deixou en suspenso o día 7 a posibilidade de censurar ó Goberno, impedindo a celebración da mesma mentres non estudie a fondo o caso e chegue a unha conclusión certa despois de estudar toda a documentación.

O día 9, durante a celebración dunha vista, o propio fiscal do caso solicitou que se levantase a suspensión, pero o martes, 13 de marzo, o xuíz ratificou o impedimento de celebra-lo pleno.

A Sala xustificaba a suspensión co argumento de que o pronunciamiento do Tribunal sería moi rápido e non pagaba a pena discuti-lo asunto

antes de chegar a unha conclusión definitiva sobre o fondo.

O Presuposto, prorrogado

Ante a situación, ó Goberno non lle quedou máis saída que prorrogar-los orzamentos do 2000 en espera de que se pronuncie a sala, o que causará retrasos en toda a actividade municipal prevista.

Poden presentar unha moción de Censura

O que sí é posible en calquera momento é a presentación dunha Moción de Censura contra a Alternativa dos Veciños e a constitución dun goberno formado por concelleiros de PSOE e PP.

O Goberno Municipal repasa ante os veciños o estado do Concello

Nova xeira de **asambleas parroquiais**

“Presente e futuro do teu pobo”. Así reza a chamada que a alcaldía realiza ós cidadáns para que veñan informarse das iniciativas inminentes en cada lugar. O turno de preguntas é moi interesante, porque revela como nada as preocupacións reais dos veciños.

Santa Cruz e Iñás inauguraron o itinerario informativo municipal baseado na comunicación directa cos veciños. O Goberno Municipal en pleno comparece en asambleas públicas, convocadas por correo a cada familia.

A primeira delas tivo lugar en Santa Cruz, e acodiron unhas 300 persoas que abarrotaban o Teatro As Torres. Como novidade a respecto doutras ocasións, o acto apoiase con abundantes diapositivas que axudan a entender os procesos de urbanización, moitas veces moi difíciles de asimilar polas persoas non iniciadas na complexa burocracia urbanística.

A alcaldesa, Esther Pita, e o seu asesor, Angel García Seoane, van desgranando en cada asamblea todos os proxectos do municipio, e explicando as xestións que se realizan desde o

Concello cando as obras que se requiren son unha obriga de outras institucións, como a Deputación ou a Xunta.

En Santa Cruz, os temas estrela foron os polígonos de Romardeiro e As Galeras, que ademais dunha gardería e diversos espazos deportivos, fan posibles dous amplos parques, un deles fluvial e outro litoral.

Tamén faláronse doutras urbanizacións, como Lóngora, O Muíño e a futura de Meixón Frío, e do Parque Metropolitano, unha iniciativa urbana que tamén dará moito que falar nas asambleas de Perillo, Montrove e Oleiros, pois afecta a todos estes lugares.

En canto a Iñás, o tema fundamental foi a urbanización do Polígono Iñás Empresa e outros proxectos urbanos existentes no lugar, ademais da zona verde creada arredor do polígono.

En Nos falaráse sobre todo das obras viarias prometidas por Fomento para O Seixal e Clube de Tenis, e que supoñerán desconexión ou tráfico. Tamén da importante urbanización dese lugar, e da iniciativa pública de vivendas de Río do Pozo, no Carballo.

Oleiros reparará as urbanizacións en marcha, a obra de ampliación da Praza de Galicia e novo edificio municipal, o terceiro carril á altura de Casa Charry e aceras, así como as vivendas de prezo público na Cova.

En Dorneda falarán sobre todo do desbloqueo do novo cemiterio; en Perillo das novas urbanizacións e obras en Santa Cristina; en Serantes-Maianca do Faro de Mera e as ampliacións da Casa do Pobo e o Parque da Lagoa, así como do Paseo Marítimo, e en Dexo do novo centro cívico e o porto de Lorbé.

“Iñás Empresa” vai tomando forma

Esta rematándose a redacción do proxecto de urbanización do Polígono “Iñás Empresa”, unha iniciativa urbana para promover o despegue económico desta parroquia interior e ga futuro, ó tempo que se promoción de empresas limpas ca lo seu coidado entorno como tivo para o seu propio trabal

Instalar unha empresa no próximo polígono “Iñás Empresa” terá un significado valor engadido para as firmas que desexen estar entre nós: no seu enderezo figurará a palabra Oleiros, que é sinónimo de calidade urbana.

De feito, este non se parecerá moito ós típicos polígonos industriais do entorno das cidades, cheos de desorden, caos de tráfico e pouco coidado polo entorno.

Consentes de que a actividade laboral de hoxendía é preciso dotala de altos índices de calidade, como están a facer as máis importantes empresas, o Concello propúxose dotar a Iñás dun solo industrial de última xeneración.

Esto é: ben dotado non só da infraestrutura que permita a utilización das tecnoloxías máis actuais, senón tamén do valor medioambiental e unha doada conexión non só a través da actual N-VI, senón tamén, a medio prazo, coa proxectada Vía Ártabra, unha estrada rápida que procede no norte (Lorbé) e conectará coa A9, moi perto de Iñás.

Entre os proxectos relacionados con este espacio empresarial, convén lembra-lo proxecto de conexión entre a estrada N-VI e a que comunica Oleiros con Cambre e Pravio. Fomento acordou aceptalo proxecto realizado polo concello de Oleiros de construír un túnel cabo do Pazo de Arenaza, unha rede viaria que quedaría conectada co sistema de rúas do futuro par-

■ A zona está pendente tamén do túnel baixo a NVI, obra do Ministerio de Fomento


que empresarial.

Ademáis das empresas que xa existen no lugar (Uralita, Renault, Man...) outros moitos obradoiros, comercios, almacéns e espacios de exposicións comerciais aproveitando a proximidade coa N-VI, agardan instalarse aquí.

O Concello poñerá moita atención en que o entorno do polígono esté dotado dun bon acabado urbano, algo que as empresas valoran cada vez máis. O outro espacio industrial do municipio, Icaria, ofrece un coidado aspecto.

Os veciños de Iñás, ademáis, verán revaloriza-la súa parroquia con este impulso urbanístico. Ademáis, o polígono trae consigo a restauración dunha enorme franxa verde acaron do regato que vai polo lugar, entre a avenida de Espoz y Mina e a zona próxima ó Carballo.

Esta é unha xestión urbanística de avangarda que volverá a demostrar cómo con prantexamentos urbanos avanzados pódese coida-lo entorno e favorece-la actividade económica.



A polideportiva, cuberta

Case 30 millóns custou cobri-la polideportiva da Casa do Pobo, á que tamén se lle dotou de vestiarios e outras instalacións para a práctica do deporte. Desta maneira, faise operativa tamén para o inverno.

Pese a que Educación negara hai 6 meses ás autoridades municipais e representantes sociais construción de novas aulas para Educación Infantil no Colexio Público A Rabadeira de Oleiros, agora cambiou de opinión.

■ *¿Alguén sabe se hai eleccións á vista?*

Ampliación da Rabadeira: de momento só unha promesa

Educación non comunicou á alcaldía que faría as obras de ampliación, senón que ten “**chegado ó convencemento de que resulta necesario**” acometer unha ampliación do mencionado centro no que se inclúan as unidades de Educación Infantil necesarias”.

Este comunicado chega despois da importante presión exercida desde o Concello e as entidades implicadas, e responde ós estudos técnicos municipais, que a aconsellaban por mor do importante incremento da poboación que se está a producir nas parroquias do interior do Concello de Oleiros.

De feito, o mapa educativo municipal contemplaba esta ampliación, despois da construción do novo instituto para ensinanza medias.

Non obstante, cando a comitiva municipal e veciñal lle espuxo esta necesidade ó delegado provincial, éste manifestara que a curto prazo non se construírían máis centros educativos no municipio, debido ás necesidades da Consellería noutros lugares de Galicia.

Pero agora xa non é así. Este anuncio —que se debería concretar axiña nun plano de actuación máis tanxible que esta mera

declaración de intencións— ven desbloquea-la situación dos nenos que acoden ó preescolar do Río da Loba, e que poderán asistir así a un centro educativo máis completo.

Din que para amplia-lo centro en 6 unidades necesitan unha parcela de 2.700 m². O Concello adquirirá un espazo de 5.000 m² para que as novas aulas teñan tamén áreas de esparcemento.

Con todo, **na Xunta non acaban de definir unha data para a construción**, polo que o Concello exercerá a súa máxima presión. Esta previsión de uso educativo aparece recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal.



Río da Loba: pequena, pero moi digna

Río da Loba é unha escoliña pequena, pero absolutamente apta para a educación infantil, se ben concelleiros da oposición falan dela coma se se tratase dunha instalación terceirmundista.

Fora o local da Asociación de Amas de Casa, e destinouse a Educación Infantil mentres non construían o novo Instituto, para alumnos da ESO que estaban na Rabadeira.

Cando se trasladaron ó centro, deixaron libres as aulas, que se destinarían a Educación Infantil, pero a dirección do centro impediuno, convertindo ese espazo en despachos para

profesores e ampliación doutros servicios xa existentes.

Impedíase así o traslado dos nenos do Río da Loba a un centro mellor dotado, con comedor, polideportiva e outros servicios comúns de moito interese para a súa educación.

Agora, os nenos continúan en Río da Loba, unha escoliña que o Concello mantén en bo estado e que está moi lonxe de caer no descuido, como din concelleiros da oposición. De ser así, os pais serían os primeiros en protestar.

Programación social e cultural de Servizos Sociais

O euro, a cociña, os espazos verdes e o mel percorren dende principios de semana diferentes centros escolares do Concello nos obradoiros “taller do consumidor” organizados polo departamento de educación da Fundación Municipal de Cultura.

Os escolares divírtense co euro, a cociña, as zonas verdes e o mel


A través destes obradoiros o que se trata é de darlle ó alumno unha formación práctica de tarefas diarias da vida real e ó mesmo tempo complementar a súa formación en materias que se saen do estrictamente académico, fortalecendo así os seus coñecementos teóricos, sempre a través de métodos pedagóxicos entretidos e que faciliten a aprendizaxe.

Nestes talleres interveñen alumnos dos colexios do Concello como o Parga Pondal, A Rabadeira, Luis Seoane e Valle Inclán. Neste caso os obradoiros son: Cociña divertida, Mapa verde do Concello, O mel e as abellas e o Obradoiro sobre o euro. Talleres nos que os alumnos poderán acercarse de maneira práctica a temas tan vitais como a futura implantación do euro, acos-

tumándose desta maneira de forma máis sinxela á utilización da moneda única.

Os membros da Fundación Municipal de Cultura encargados deste programa de talleres esperan unha boa acollida por parte do alumnado e consideran positiva a utilización de materias de aprendizaxe que poidan acercar ós rapaces a realidade na que viven.

Axúdanos a eliminar deste mundo un pouco de porcallada.



1 Separa o lixo na casa

- Na cociña, dúas bolsas dentro dos ecocubos:
 - Unha para os restos de comida
 - Outra pra os envases e inertes
- Cando estén cheas, lévanse a:
 - Restos de comida, ó contedor de tapa verde
 - Envases ó contedor de tapa laranxa
- Ademáis:
 - Resérvase o papel e cartón, que vai ó caixón azul
 - O vidro, deposítase no "iglú" verde
 - E as pilas, nos establecementos colaboradores e Casas do Pobo
- E todo entre 9 e 11 da noite
(Excepto sábados e vésperas de festivos)
- Así, ¿Qué conseguimos?
 - Recolle-lo lixo ordenadamente para devolvelo a unha nova vida desde a pranta de tratamento de rsu de Nostián.

2 Se tes can, recolle as dexeccións

Se paseas co teu can,
Faino cunha bolsa de plástico para
recoller o que defeca o teu amigo.

Non é xusto que os parques,
paseos e aceras aparezan suxos
con dexeccións de cans.

Ademáis, lembra que o can pode
asustar a quen pasea, polo que é
necesario levalo con cadea.

A música, un apoio á educación

A Fundación Municipal de Cultura, dende o seu departamento de educación comezou un programa de concertos pedagóxicos, que en colaboración coa Escola de Música dirixen a tódolos centros educativos do Concello.

Estes concertos pedagóxicos atópanse englobados dentro do programa escolar, e celébranse entre marzo e abril no Auditorio da Fábrica.

Coa idea de instruír ós rapaces no mundo da música nace esta iniciativa na que os alumnos asisten a un concerto, no mesmo se lles amosa dende cómo comportarse neste tipo de actos, cómo aplaudir ou cómo entende-la música ata a función de cada instrumento dentro da orquestra e os diferentes estilos musicais.

Este ciclo de concertos servirá tamén coma sondaxe para descubri-los intereses dos rapaces de cara a aumentar o tipo de actividades ata agora existentes na escola de música e así adapta-la futura demanda acorde cos intereses dos estudantes.

Durante estes concertos os nenos poden facer preguntas e amosar as súas curiosidades arredor do apaixonante mundo da música.

Vivi-la cultura cada día

A Hora do Conto, de novo

Unha nova edición que parte do Servicio Municipal de Bibliotecas coa intención de achega-la lectura ós nenos está en marcha dende o 22 de marzo.

Esta actividade dirixida ós rapaces menores de 10 anos acadou un grande éxito nas pasadas edicións. Através dos narradores Paula Carballeira e Teresa Rodríguez dos animadores, que este ano son "brocha e pincel", ós nenos a través do libro oído, tocado e visto entran en contacto coa letra impresa, potencian-do a vertente lúdica da lectura entre os lectores do mañá.

Ten lugar case tódolos días da semana ás seis e media da tarde nas nove bibliotecas do Concello. Os horarios pódense consultar en calquera das bibliotecas ou centros culturais. Tamén no teléfono da Biblioteca Central Rialeda, (981 639 511), ou no do Veciño (981 610 000).

Sábados de cinema:

Despois da proxección de títulos sobranceiros, como Solas, American Beauty ou Bailando en la oscuridad, chegan novas propostas como a dos irmáns Cohen "Oh! Brother", unha espléndida mostra do cinema independente americano, e a fita galega da productora "Continental", Sei quen es.

- 5 de maio: Oh! Brother
- 12 de maio: Sei quen es

Sábados de música

O cantautor Rafael Amor volveu reencontrarse co seu público en Oleiros, nun novo recital cheo de enerxía e de soños cantados de liberación e denuncia. Con este primeiro prato de poesía encendida comezou o ciclo que seguirá con As Ménades, mulleres que fan folc e que xa participaron cando se inaugurou A Fábrica, e rematará coa banda de jazz de Miki Nervio, tamén habitual das nosas salas.

- 7 de abril: As Ménades
- 21 de abril: Actuación do grupo de blues Miki Nervio & the blues makers

Casa da Xuventude

Programación de xaneiro a maio

Coñece-los Parques Naturais
Andares por Galicia, sendeirismo
Curso de especialización en clown
Curso de dinámica de grupos
Xornadas de conservación da natureza
Curso de especialización en teatro
Curso de internet
Entende-la arte, visitas guiadas a exposicións
Curso de monitores de tempo libre
Curso de xogos de educación ambiental
Programa de voluntariado ambiental

Para máis información: Casa da Xuventude. Centro Cultural A Fábrica. Perillo. Tlf 981 635 769

Para maiores que queiran divertirse

Ximnasia de mantemento

C. da Cultura Perillo | martes e xoves 16:30
C. República Oleiros | martes e xoves 16:30
C. Cívico Sta. Cruz | mércores e venres 17
C. do Pobo Nos | martes e xoves ás 18:30
C. do Pobo Mera | lúns e venres 18:30
C. do Pobo Lorbé | mércores e venres 18:30
C. do Pobo Iñás | martes e xoves ás 17:30
C. Cultural Montrove | martes e xoves 18:30
C. do Pobo Dorneda | mércores e venres 16:15

Ludoteca

C. da Cultura de Perillo, mércores ás 16:00
C. República de Oleiros, mércores ás 17:00

Ioga e relaxación

Ximnasio da Casa da Cultura de Perillo, venres ás 17
Casa do Pobo de Nos, mércores ás 16:30
Ximnasio de Santa Cruz, xoves ás 17
Casa da República de Oleiros, luns ás 17

Obradoiro de memoria

C. Cívico Santa Cruz, martes ás 17

Natación

Luns e xoves de 11:00 a 12:00
Luns e xoves de 12:00 a 13:00
Martes e venres de 11:00 a 12:00

Excursionismo

Veciños de Perillo
31 de marzo: O Bierzo-As médulas
6 de maio: Ribadeo-Asturias
2 de xuño: O Pindo-Muros
Veciños de Montrove e os Regos
1 de abril: O Pindo-Muros
12 de maio: O Bierzo-As médulas
3 de xuño: Ribadeo-Asturias
Veciños de Iñás e Oleiros
8 de abril: O Bierzo-As Médulas
26 de maio: Ribadeo-Asturias
10 de xuño: O Pindo-Muros
Veciños de Nos
21 de abril: Ribadeo-Asturias
13 de maio: O Pindo-Muros
17 de xuño: Pontearreas Mondariz
Veciños de Dorneda e Santa Cruz
22 de abril: O Bierzo-As médulas
27 de maio: O Pindo-Muros
16 de xuño: Ribadeo-Asturias
Veciños de Serantes-Maianca-Dexo
29 de abril: O Pindo-Muros
20 de maio: O Bierzo-As médulas
1 de xullo: Ribadeo-Asturias

Exposicións en Casa Charry

Juan Antonio Cueto Fotografía submariña

Do 19 ó 30 de abril.

O autor é afeccionado á fotografía e á pesca submariña, especialidades nas que ganou varios premios.

Dolores e Inés Salas Pintura

Do 3 ó 15 de maio.

Son dúas irmáns asturianas. Unha delas vive en Oleiros. Mentres Dolores se decanta pola temática das escenas cotiáns da vida asturiana, Inés prefere o retrato. En xullo mostrarán a súa obra en Xixon.

Cotín Rodríguez-Sabio Plata Pintura

Do 18 ó 30 de maio

Ata que un cadro non lle produza sensación de paz e tranquilidade non o considera rematado. Esa é a filosofía de traballo desta muller que vive en Mera e amosa a súa obra de oleos sobre madeira. Temática da natureza, tanto oriental como occidental, con especial coidado á luz e á atmósfera.

Chelo Facal Casado Pintura

Do 1 ó 13 de xuño

Cursou estudos na Escola de Artes da Coruña, ademais de obradoiros de gravado, moldeado e escultura. É ilustradora de libros e foi colaboradora do semanario "A Nosa Terra"

A primeira Escola Municipal de Danza de Galicia é xa unha realidade. Baixo a dirección da prestixiosa Carmen Roche e con sede no Centro Cultural A Fabrica de Santa Cristina, comezou a funcionar con regularidade o pasado 1 de marzo.

Xa danzan lixeiros

Brillante inauguración

Para moitos dos futuros bailaríns de Oleiros o feito de que Carmen Roche sexa a directora desta escola vai ser todo un exemplo de ambición e talento. Esta muller, con experiencia máis que contrastada no mundo da danza, comezou a dar os seus primeiros pasos nesta arte case ó tempo que aprendeu a camiñar, e con tan só 13 anos foi contratada por "Antonio el Bailarín". Dende aí, ata os seus sonados éxitos na compañía de Maurice Bejart a súa vida artística foise confirmando como todo un percorrido cara ó éxito.

Tal e como ela afirma o proxecto da escola de Oleiros é un alicerce moi grande na súa carreira profesional, pois comezar desde cero non será sinxelo, aínda que conte coa vantaxe da ilusión e as ganas de novos bailaríns ós que formar. A súa idea é a de impartir tanto danza clásica como contemporánea e que, co tempo, o Ballet de Oleiros sexa unha realidade.

■ *Carmen Roche falou en galego, claro símbolo de compromiso da directora co seu reto na nova escola*

■ *O Ballet de Oleiros podería ser realidade en poucos anos*



O pasado 17 de febreiro tivo lugar a presentación da Escola, coa inauguración oficial da Alcaldesa que destacou o interese do Concello por este significativo servizo cultural, unha máis entre unha oferta ampla e variada.

A flamante e prestixiosa directora do centro, Carmen Roche, quen falou en galego para sorpresa dos asistentes, expresou a súa gratitude por poder formar parte deste proxecto e a ilusión que tiña de formar unha nova escola que poida chegar, co tempo, a ser un magnífico referente cultural.

Na propia gala, á que asistiron moitos veciños do Concello, así como o futuro da escola -é dicir, os nenos e diferentes personalidades culturais de Oleiros, escenificáronse varias escenas de danza que os asistentes puideron disfrutar. Foron catro fragmentos de Coppelia, Augas primaverais, Eternity and a day e Burlesque, que obtiveron unha gran aceptación por parte do público a xurgar polos repetidos aplausos e os gritos de Bravo! escoitados tras cada unha das pezas na sala de danza da Fábrica.

Un novo servizo reclamado polos veciños

A ludoteca, un novo proxecto de calidade

A Asociación de Veciños Santaia, de Santa Cruz, ven de solicita-la conversión do antigo dispensario médico da localidade nunha ludoteca. Será a primeira do Concello.

Descompoñendo a palabra ludoteca temos por un lado ludo- entendémolo como o xogo, ou por extensión o divertimento, e temos por outra banda -teca, palabra procedente do grego e que se refire a unha caixa, un receptáculo onde se gardaban cousas preciosas.

Con esta idea nace a suxe-rencia de levar a cabo unha ludoteca no Concello, como un espacio destinado o divertimento, tentando de utiliza-los momentos de ocio de cara á

formación e ó uso útil do tempo.

A ludoterapia é a utilización das actividades do xogo como axuda para resolver os problemas de adaptación infantil, na sociedade na que vivimos neste momento os máis novos gozan dunha cantidade grande de tempo libre, en moitas ocasións desaproveitado, e en moitos casos por falta dun espacio onde acudir, un lugar onde se poidan reunir, onde poidan desenvolver algunhas das activida-

des nas que estean interesados.

A idea da ludoteca nace tendo como principais usuarios non só ós máis novos, como nun principio podería parecer, senon tamén ós xoves de ata 17 anos.

O lugar elixido é o antigo centro de saúde de Santa Cruz, espacio que cunha serie de adaptacións podería perfectamente cumprir a función que se pretende.

Este tipo de centros están a tomar forza ó longo do territorio

nacional, aínda que en Galicia non existan moitos, en Cataluña están a obter unha grande aceptación, tanto polos usuarios como polos grupos municipais que levaron a cabo este tipo de proxectos.

Esperamos que este proxecto saia adelante e que Santa Cruz poida contar coa ludoteca que solicitaron, pioneira no Concello, pero esperemos que non sexa a última

cc 2091-0064-58-3040011138

Behjat Hamra veu falarnos de cómo “viven” as mulleres de Afganistán

Unha escalofriante testemuña sobre a situación das mulleres —dos dereitos humanos en xeral— en Afganistán encheu de xenreira ó público asistente á charla que deu unha activista afgana, Behjat Hamra, pseudónimo dunha muller miúda que non pode andar polo mundo co seu propio nome e ten que privarse de que lle fagan fotografías por medo ás fortes represalias que poderían tomar os diplomáticos dos Talibáns, extremistas relixiosos que gobernan o seu país.

Ela é membro da RAWA (Asociación Revolucionaria das mulleres de Afganistán) e falor sobre “Ser muller Afgana: ser muller na clandestinidade”.

Rawa é unha asociación formada en Kabul no ano 1977 como organización política que loita polos dereitos humanos e pola xustiza social en Afganistán, na actualidade traballan dende a clandestinidade como grupo de resistencia ó réxime fundamentalista islámico dos talibáns que chegaron ó poder tralo golpe de estado.

A asociación persegue a instauración dun estado democrático e laico no que se recoñezan os dereitos das mulleres.

A visita de Behjat Hamra foi posible gracias ó esforzo económico do Concello de Oleiros e outras entidades e agarda contar co apoio e solidariedade de moitos galegos para que o labor da súa organización poida seguir adiante. Con este acto, Oleiros sumouse á conmemoración do Día Internacional da Muller Traballadora.

Nova Conta Solidaria: ser humanitario cando queira e canto queira

A conta, aberta polo Concello en Caixa Galicia, servirá para que todos os veciños que o desexen fagan as súas aportacións para calquera iniciativa solidaria en calquera parte do mundo.

Trátase dunha conta única que pode utilizar todo o mundo simplemente dicindo a qué proxecto ou causa humanitaria desexa colaborar.

Esta iniciativa municipal tenta ofrecer un servizo público máis doado, para que todos os veciños que desexen colaborar nos chamamentos públicos a prol de cada causa, teñan unha vía directa e sinxela. O Concello comprométese a facer circular cada aportación no sentido que decida cada veciño a través da constancia no “concepto” do ingreso.

Días pasados, diversos veciños chamaron ó Concello

interesándose polas contas abertas para colaborar economicamente cos pobos de El Salvador e India, desfeitos polos tremores da terra. Aínda que desde o Concello se lles facilita toda a información que está ó alcance, decidiuse dedicar esta conta única solidaria para estas finalidades.

As últimas contas que se abridan serviran para vehicular fondos cara ós damnificados polas inundacións venezolanas e para os afectados polo furacán Micht en Centroamérica.

O Concello dispón tamén dunha liña de axudas de 10 millóns de pesetas anuais que

se dedican a proxectos de cooperación con países menos favorecidos, ademais de participar activamente no Fondo Galego de Solidariedade, unha rede galega de institucións locais en favor da cooperación internacional.

As últimas axudas desta convocatoria para ONGs e institucións concedéronse a proxectos de Nejapa (El Salvador), Sahara, Chiapas (México), Estili (Nicaragua), Ataris (Cuba), Izabal (Guatemala), Cayes (Haití), Gambo Arsi (Etiopía), Quito (Ecuador), Lempira (Honduras) e Venezuela.

■ *O Concello entregará o importe do ingreso a quen o veciño ordene na Caixa*

A gran maioría compórtanse modélicamente



O éxito das Casas para Festas

■ *Ollo co desmedido consumo de alcohol e con molestar ós veciños coa música*

Un dos programas municipais que máis éxito colleita entre os mozos do Concello é a cesión de espazos para festas auto-organizadas.

Son ducias os grupos de amigos que se xuntan para disfrutar dunha tarde-noite ou mesmo dunha fin de semana sen tutelas institucionais nen familiares: eles mesmos. Maiormente, non se

rexistran incidentes e a responsabilidade coa que se auto-xestionan son unha lección de enerxía e vitalidade dunha xuventude que non responde só ós tópicos de alcohol, drogas e violencia.

Pero non todo é así. Tense recibido algunha denuncia de veciños polo exceso de ruído, especialmente na Casa de Agramar, polo que se con-

trolará especialmente este lugar moi próximo ás vivendas.

Tamén é preciso advertir que en ningún caso se consentirá o abuso do alcohol ou o uso doutras drogas, xa que a Policía Local ten constatado esa circunstancia e seguirá sendo controlada.

Ademais das Casas de Bastiaqueiro, Agramar e Guyatt, están disponibles

para festas xuvenís e infantís salas nas Torres de Santa Cruz, na urbanización Os Regos, e os salóns de usos múltiples das Casas do Pobo, Centros Cívicos e Centros Culturais de tódalas parroquias.

Só tedes que solicitalo a través dunha instancia. Máis información na Alcaldía ou no Teléfono do Veciño 981 610 000.

Os mellores remadores

■ *O Clube de Regatas presenta a tempada 2001*

O pasado 9 de febreiro tivo lugar no Auditorio de A Fábrica a presentación da nova tempada do Clube de Regatas de Perillo, na que se presentaron tódalas categorías que foron subindo ó escenario ata enchelo con 70 remeiros e remeiras de tódalas categorías cheos de ilusión, ambicións e deportividade.

Amosouse tamén a nova vestimenta financiada polo Concello e ó final tódolos presentes reuníronse na nave náutica da Fábrica para tomar un pincho e compartir impresións sobre o acto e o futuro do clube.

O detalle: A nota emotiva da xornada correu a cargo do grupo Semente Nova de Perillo que interpretou unha rondalla adicada ós remeiros de Perillo: unha chea de aplausos por parte do público.



Un momento da presentación

A Escola Municipal de Remo

O Concello financia o monitorado, o material e dirixe o funcionamento da Escola Municipal de Remo, que conta con tres monitores. Esta escola está dirixida a rapaces de nove a dezanove anos e está marcada por unha filosofía na que prima a formación sobre os resultados das competicións.

Como Escola queren aproveita-los aspectos pedagóxicos da competición, interactuando na formación dos rapaces, e tendo como fin último a mellora da calidade de vida dos seus alumnos e tamén a posibilidade de alcanzar a categoría senior cunha correcta formación de base.

Para cumprir estes obxectivos o alumno adestrará segundo as necesidades e dispoñibilidade sen realizar especialización ata etapas maduras, facendo fincapé no traballo a longo prazo; asistindo ás regatas do calendario de banco móbil e fixo e participando nos campamentos e xornadas de convivencia organizados.

Categoría feminina

Os seus obxectivos son os de conseguir a primeira medalla nos campionatos de España para o remo feminino en Perillo en dobre scull (banco móbil) e ademais aumenta-lo número de rapazas participantes así como participar nas regatas do calendario de banco móbil e bateis.

Categorías masculinas

Pretenden mante-lo relevo xeracional e o número de remeiros por riba dos 30, competir con dúas tripulacións de traíñas, diversifica-los obxectivos involucrando ó maior número de remeiros posible e alcanzar un alto nivel de adestramento na condición física, técnica e psicolóxica, todo isto para tratar de obter a primeira medalla de ouro nuns campionatos de España, aumenta-la participación en regatas autonómicas, portuguesas e na Copa do Rei de banco móbil, clasificar tanto o batel como a traíña para o campionato estatal, participar coa traíña B no maior número de regatas posible, garantindo a rodaxe dos remeiros máis novos, alcanza-los primeiros postos nas regatas claves do calendario: Bandeira da Concha, Campionato de España e Campionato galego.

Sección deportivo-recreativa

Sección deportivo-recreativa: Meción aparte merece esta sección do clube, pois trata da súa tarefa como servizo público, o que pretende nesta sección a medio prazo e proporcionar a continuidade na vida deportiva dos practicantes, os seus obxectivos son os de facer do remo unha práctica deportiva máis accesible para calquer veciño (remar igual que pasear ou andar en bicicleta) e ademais organizar cursos para adultos e formar a base dun grupo estable de practicantes do deporte do remo.

Unha nova liga escolar

Novos deportes: o hoquei sala

Dentro do afán por chegar ós rapaces do Concello aqueles deportes menos coñecidos, atópase o caso do hoquei sala.

Dende principios do presente ano ten lugar a primeira liga deste deporte, coa participación de 12 equipos escolares.

Esta competición naceu como froito dun longo traballo, xa que durante perto de tres anos a Fundación organizou diferentes campañas de promoción polos colexios,

nas que se explicaba este deporte e a súa execución. Tamén se celebraron actos lúdico-formativos, a través de partidos de exhibición e xogos de control e precisión.

Con sede no Pavillón Valle-Inclán, a liga conta con participacións das categorías benxamín, alevín e infantil.

O regramento atópase adaptado ás condicións de xogo dos rapaces para facerlles máis sinxela a práctica.

O terreo de xogo foi tamén adaptado grazas á colaboración do Centro Municipal de Formación, encargado de face-las bandas e algunha que outra obra para que o campo estivese acorde coas características dos xoves xogadores.

Quizaves en pouco tempo teremos algún profesional deste deporte procedente de Oleiros.

Ó son da música do Titanic



Unha brillante exhibición

O Patinaxe Oleiros, na gala da Esclerosis Múltiple

O pasado 21 de xaneiro, co gallo da gala en beneficio da Asociación coruñesa de esclerosis múltiple (ACEM), tivo lugar unha exhibición de patinaxe artístico no que participaron 27 rapaces do "Clube patinaxe Oleiros" que obtiveron unha grande ovación pola súa interpretación do tema musical da película Titanic.

A actividade acuática vivida a diario na Fábrica é moi grande, e incrementara-se coa nova piscina

Natación para tódalas idades

O mesmo que a música amansa ás feras, a auga ten a capacidade de relaxar, ó tempo que fortalece os músculos e xa se sabe aquilo de “mens sana in corpore sano”.

Maiores de 60, en autobús

Tras un pequeno lapsus temporal as actividades acuáticas dos maiores de 60 anos xa están outra vez en funcionamento. Despois dun exhaustivo estudio e en vista da enorme demanda xerada para esta actividade, o Concello atopou unha maneira de que se poida seguir realizando durante todo o ano, aínda que os participantes teñan que pagar unha pequena cota de 1.377 pesetas ó mes para compensar algúns gastos, coma o do transporte.

Así quedan os horarios para acudir a actividade de natación para maiores de 60 anos:

Luns e xoves de 11 a 12 horas, veciños de Iñás-Nos

Luns e xoves de 12 a 13 horas, veciños de Dorneda-Sta Cruz

Martes e venres de 11 a 12 horas, veciños de Serantes-Maianca Dexo.

Para maior información e inscricións os interesados poden chamar ó 981 610000 e preguntar polo departamento de Servizos Sociais.

Moitas son as persoas que acuden a diario á piscina da Fábrica por diferentes motivos, uns escapando do estrés despois dun longo día de traballo, outros para manterse en forma, e os máis en busca dunha mestura de ambas. Mención aparte merecen dous dos colectivos que habitualmente se mergullan nas augas deste espazo deportivo de Perillo, os maiores de 60, colectivo moi activo no noso Concello e sempre disposto a participar en todas as actividades que se lles ofrece e por outra banda os bebés de 6 meses a tres anos que destacan polas súas ganas e tenrura de velos esforzándose na súa loita na auga.



Bebés e embarazadas

O Servizo Municipal de deportes organizou, ante o éxito dos anteriores, un novo curso para bebés e embarazadas que terá lugar entre xaneiro e marzo nas instalacións da Piscina Municipal da Fábrica.

Embarzadas e bebés de 6 meses a 3 anos poden asistir a estes cursos dirixidos á xente empadroada no Concello. As clases son tódolos sábados en horario de 9 a 10 no caso das embarazadas e tres turnos dunha hora de 10 a 13 horas para os bebés.

A nova piscina, por fin



¿Será por fin realidade? Parece que sí. Despois de tantos traspés, a Piscina entrará en funcionamento en poucas semanas. Abril ou primeiros de Maio, cando a empresa á que se lle adxudicou a xestión teña todo preparado.

A Piscina ten, xa desde antes de abrirse, un historial ben dilatado. Primeiro, a Deputación retrasa as obras unha vez iniciadas. Despois, danse conta de que fixeron o edificio, pero non preveron a urbanización do espazo, co que os automóviles non

tiñan por donde chegar. Máis tarde, a oposición (PSOE e PP), na súa teima de paraliza-la xestión municipal, bloquean no Pleno o concurso de adxudicación, que aumentou así o retraso dous meses máis, por se fose pouco o que xa acumulaba.

Unha morea de despropósitos que xa están a piques de rematar. En poucos días teremos unha instalación deportiva que consta de piscina, sauna, ximnasio e cafetería, que complementará á que agora se ven utilizan-

do na Fábrica, máis pequena.

A xestión das dúas piscinas será conxunta, e aínda non se coñecen os prezos e condicións. Sábese, eso sí, que determinadas horas da semana, as instalacións estarán reservadas para cursos con escolares, bebés e embarazadas, e persoas maiores de todo o concello, suscritas ós programas deportivos municipais para a terceira idade, que coordena o departamento de Servizos Sociais.

■ *Piscina, sauna, ximnasio e cafetería, á túa disposición*

As obras que nos deben

Resulta saudable lembrar de cando en vez a cantidade de obras públicas que Deputación, Xunta e Goberno Central, as tres xestionadas polo PP, deben realizar en Oleiros.

- 1 Deputación**
Arcéns e aceras entre Pinar do Río e Urbanización A Pía (Maianca)
- 2 Deputación**
Arcéns e aceras entre Praza da Rabadeira e Coruxo (Oleiros-Liáns)
- 3 Deputación**
Aceras entre As Torres e Franzomel (Liáns)
- 4 Deputación**
Aceras entre A Edreira e o centro de Oleiros-Real (Oleiros)
- 5 Deputación**
Aceras na Gaivoteira e O Repicho (Liáns)
- 6 Deputación**
Arcéns e aceras entre O Piñeiro e Campamento (Oleiros-Iñás)
- 7 Xunta**
Novo acceso ó Porto de Lorbé (Dexo)
- 8 Xunta**
Proxecto da Vía Ártabra, entre os concellos de Oleiros e Sada
- 9 Xunta**
Bombeo de fecais da Pasaxe (Perillo)
- 10 Goberno Central**
Paseo Marítimo de Mera (Serantes-Maianca)
- 11 Goberno Central**
Túnel e glorieta en Arenaza - cruce de Iñás (N-VI, Iñás)
- 12 Goberno Central**
Cruces e glorietas do Seixal e A Raqueta (N-VI, Nos)
- 13 Goberno Central**
Aceras en Iñás e Campamento (N-VI, Nos-Iñás)

Os veciños pagamos impostos para que tódalas administracións cumpran co seu deber.
Por eso temos que reclamar o que nos corresponde.



Oleiros guía cada vez mellor

Os dous faros de Mera siguen a guiar a navegación polo Ártabro. Ninguén pode entrar na Coruña sen tomalos como referencia. Pero as novas tecnoloxías acabaron cos antigos fareiros que xa non viven alí. Por iso, a antiga Casa do Fareiro, un edificio entre as dúas torres luminosas, dedicara-se a aula medioambiental.

■ *A casa do fareiro quedará convertido nun pequeno museo natural*

■ *Un lugar moi apto para iniciarl as visitas ó monumento natural da costa norte*

Con esta instalación guiarémonos moito mellor a través da costa norte, e poderemos ofrecer a todos os que se acheguen un punto de información natural.

Un parque extenso e moi interesante como o Monumento Natural de Dexo, situado na franxa norte das parroquias de Serantes e Dexo necesitaba un centro de acollida, unha especie de espello que recollese de maneira clara e pedagóxica que riquezas acochan esas landas enriba dos enormes cantís que dan fronte ó mar da Marola.

A franxa litoral entre Mera e Lorbé constitúen unha das poucas áreas naturais ben conservadas de toda a costa Ártabra.

Algún especialista dixo que xeolóxicamente, os arredores do Seixo Branco son coma "un anaco da Costa da Morte no corazón do Golfo Ártabro". As testemuñas sobre as dificultades do Mar da Marola, das que

tanto saben os pescadores de Serantes, Dexo e Lorbé, poñen o seu aquel de lexendaria a esa costa virxe e natural, protexida primeiro polo Concello e elixida por Europa como parte da rede "Natura 2000" de espacios naturais.

A sucesión de furnas e altos cantís que sobrecollen ó visitante son o engado suficiente para facer do lugar un punto de desenvolvemento natural no que, co

tempo, chegarán a participar os veciños e servirá para atraer ó lugar algúns postos de traballo.

O proxecto de rehabilitación arquitectónica está asinado polo arquitecto pontevedrés César Portela, Premio Nacional de Arquitectura, quen manifesta no proxecto que quere introducir novos valores no edificio, construído alá polos anos 20 para baliza-las manobras de entrada dos

buques no porto da Coruña.

Para que quede apto para mostrarnos toda a riqueza do espacio natural, tirarán toda a tabiquería interior e deixarán limpos tódolos muros de fábrica.

Por fóra, ademáis de bancos e máis árbores, o arredor do edificio será enlousado de pedra ata a terraza de ponente, auténtico mirador da caída do sol sobre A Coruña.

Un lugar para aprender

A antiga casa branca do fareiro quedará convertida nun pequeno museo natural, moi apto para aprender cómo funcionan os ecosistemas da zona.

Os 175 m² da instalación acollerán unha sala de exposicións, a sala interactiva "A Furna" e unha sala dedicada á etnografía mariña, ademáis doutros espacios para a dirección e servizos varios.

Ademáis, engádense dúas galerías de 17 m² cada unha, que fan posible

disfrutar de vistas sobre o océano e a cidade da Coruña, coa Torre de Hércules en primeiro plano.

O proxecto de rehabilitación conservará todos os valores existentes: xeográficos, naturais, vexetais, históricos, arqueolóxicos, enxeñerís e paisaxísticos que posúe o conxunto e restaurará outros valores que co tempo foron destruídos.

As obras de transformación costan 21 millóns de pesetas